



CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (CCC) E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “PÓLIZAS DE SEGUROS A FROTA DE VEHÍCULOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA” (EPEPG) POR PROCEDIMENTO ABERTO SUPERSIMPLIFICADO

CLAVE: 9/2020/CNTSE

1. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A tramitación será de forma ordinaria, e utilizarase un único criterio de adxudicación, segundo o disposto no artigo 146 da Lei 9/2017. O procedemento será aberto de conformidade cos artigos 131, 156, 157, 158 e 159, da Lei 9/2017, de acordo co seu valor estimado.

- 1.1. Procedemento de adxudicación: ABERTO (supersimplificado).
- 1.2. Tramitación do expediente: Ordinario e documentalmente simplificado.
- 1.3. Licitación electrónica: sí.
- 1.4. Contrato suxeito a regulación harmonizada: NON
- 1.5. Contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación: NON
- 1.6. Posibilidade de variantes: NON. O licitador debe axustarse ao proxecto e non se admite ningunha modificación, excepto o prezo. O licitador non pode modificar o prazo na súa oferta e de facelo será excluído do procedemento de licitación, rexeitándose a súa oferta.
- 1.7. Único criterio de adxudicación relacionado cos custos: SI.
- 1.8. Comité de persoas expertas ou organismo técnico especializado para avaliar as ofertas: NON PROCEDE. Neste caso negativo, deben cubrirse todas as seccións (A, B, C e D) correspondentes da parte IV do DEUC.
- 1.9. Importe dos gastos de publicidade de licitación do contrato: NON PROCEDEN
- 1.10. Acreditación da documentación previa á adxudicación mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos: SÍ.
- 1.11. Órgano competente para verificacións de suficiencia e visados: Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN. RESPONSABLE DO CONTRATO. PERFIL DO CONTRATANTE. CONTACTO PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

- 2.1. Órgano de contratación/tomador do seguro:
A persoa titular da presidencia da entidade pública Portos de Galicia (Artigo 12 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia).
Portos de Galicia terá a consideración de tomador do seguro.
- 2.2. Asegurador: O adxudicatario do presente procedemento de adxudicación terá a condición de entidade aseguradora que deberá estar inscrita conforme se determine legalmente no Rexistro administrativo de entidades aseguradoras e reaseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e contar coa autorización para operar no ramo ou ramos





- que corresponda para prestar a cobertura aseguradora descrita neste contrato.
- 2.3.** Asegurado: as persoas e colectivos indicados nos pregos rectores desta contratación
- 2.4.** Responsable do contrato:
A persoa xefe do DEPARTAMENTO DE CONTABILIDADE E ORZAMENTOS.
- 2.5.** Perfil do contratante:
Forma de acceso ao perfil do contratante de Portos de Galicia é a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia: www.contratosgalicia.gal
- 2.6.** Respostas vinculantes sobre a aclaración dos pregos: SI.
- 2.7.** Contacto para consultas relacionadas co expediente.

Consultas aspectos técnicos	Departamento de Contabilidade e Orzamentos.
Consultas sobre o prego de cláusulas administrativas	Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica.

3. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

Esta contratación tipifícase como contrato privado de servizos (artigos 17 e 26 da LCSP)

4. OBXECTO DO CONTRATO

4.1. Obxecto do contrato

Contratación dunha póliza que cubra os seguros de automóbiles para a frota de vehículos da EPE “Portos de Galicia” segundo relación contida no Anexo I do prego de prescricións técnicas e sen prexuízo das novas altas e baixas que se produzan na frota durante a vixencia do contrato

4.2 NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE SE DEBEN SATISFACER. IDONEIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS:

O EPEPG é responsable da xestión, conservación, explotación e desenvolvemento de cento vintetrés portos e instalación portuarias nos que se desenvolven actividades pesqueiras, comerciais e náutico-pesqueiras.

Para o cumprimento das tarefas que competen ao servizo, tanto a plantilla de gardapeiraos, integrada por corenta e unha persoas, como o persoal técnico de obras, necesitan desprazarse habitualmente dentro do ámbito territorial da súa competencia para o que contan cun parque móbil para tales desprazamentos.

Á vista do anteriormente exposto, é preciso a contratación e a subscrición dunha póliza de seguro de frota para todos os seus vehículos, conforme ás condicións que especifican no Pregos de prescricións técnicas e que terán a consideración de coberturas mínimas, a saber: Responsabilidade Civil de Suscrición obrigatoria, Responsabilidade Civil de suscrición voluntaria cun límite por sinistro de 50 millóns de euros por evento e en exceso dos límites do seguro obrigatorio, Defensa xurídica, constitución de fianzas e reclamacións de danos, Rotura de lunas, Roubo e desperfectos por roubo, Asistencia en viaxe, Accidentes corporais do condutor/a e ocupantes do vehículo, Incendio e cobertura complementaria de danos propios...

Posto que se trata dun servizo de aseguramento que está, obviamente, fora do obxecto e funcións así como alcance dos recursos dun organismo de xestión portuaria como é a EPE Portos de Galicia, faise necesario proceder á contratación do mesmo.





A forte regulación que rodea ás compañías de seguros ten como efecto unha presión normativa sobre o acceso por ramos á actividade aseguradora, ata o punto que se require a Autorización Administrativa Previa para exercer a actividade aseguradora que debe emitirse pola Administración Xeral do Estado a través da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Ademáis a normativa esixe, adoptar unha das formas xurídicas que establece a Lei (isto é: Sociedade Anónima e Sociedade Anónima Europea para seguros e reaseguros, léase compañías de seguros; Mutua de Seguros, Sociedade Cooperativa, Sociedade Cooperativa Europea e Mutualidad de Previsión Social); un obxecto social exclusivo: a actividade do seguro e/ou reaseguro; un capital social mínimo que oscilará desde os 2.000.000 e os 9.000.000 en función dos ramos e a forma xurídica; etc.

Todo o anterior configura, non só unha insuficiencia de medios senón unha limitación xurídica dado o obxecto e funcións da EPE Portos de Galicia e as esixencias legais para actuar no ramo da actividade aseguradora.

Polo que en base ó anteriormente exposto, considerase preciso a contratación dunha póliza de seguro que cubra tales riscos, dando o obxecto do contrato satisfacción ás necesidades expostas con anterioridade.

4.3 Nomenclatura

- CPV: (Vocabulario Común de Contratos):

66510000-8 Servizos de seguros e 66514110-0 Servizos de seguros de automóbiles

Segundo o artigo 77 b) da LCSP non resulta necesaria a clasificación empresarial para este contrato, sendo a súa presentación substitutiva das condicións de solvencia económica e financeira, técnica e profesional.

5. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E LOTES. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

5.1 Orzamento de licitación e información sobre lotes

División en lotes: NON

Non procede a división por lotes por non ser susceptible de utilización ou aproveitamento separado, sendo unha única unidade funcional esixíndoo a natureza do contrato, ao non ter prestacións diferenciadas, e tratándose dun tipo de aseguramento moi específico.

Excepción da aplicación das normas de regulación harmonizada á adxudicación de cada lote (artigo 22.2 LCSP): Non aplicable

Sistema de determinación do prezo:

O orzamento de licitación está baseado nunha estimación a tanto alzado, de conformidade co establecido no artigo 309 da LCSP: **SI**

Para os efectos do disposto no artigo 100.2 da LCAP para a determinación do orzamento base de licitación utilizouse unha estimación meramente orientativa para prestacións similares do mercado do seguro, incluíndo os custos directos e indirectos e beneficio empresarial derivados da execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato, en consonancia coa súa natureza e de acordo cos





prezos e mercado para prestacións similares (PRIMA DO SEGURO)

O detalle e xustificación do orzamento recollese no anexo do Prego de Prescipcións Técnicas, en diante, PPT.

O Orzamento Base de Licitación Total alcanza un importe de **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)**.

Custos directos (prima neta)	13.043,48 €
Custos indirectos e Bº Industrial	1.956,52 €
TOTAL	15.000,00 €

De acordo co establecido no artigo 21.16º da Lei 37/1992, de 28 de decembro, reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido, este contrato está exento de IVE.

5.2 Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato calculouse tendo en conta o orzamento base de licitación (1 ano) máis as posibles prórrogas de contrato (1 ano), quedando establecido como sigue:

Orzamento base de licitación	15.000,00 €
Eventuais prórrogas	15.000,00 €
Modificacións previstas	1.500,00 €
TOTAL VALOR ESTIMADO	31.500,00 €

5.3 Anualidades, Consignación orzamentaria e financiamento

Distribución de anualidades incluíndo a previsión de prórroga.

ANO	TOTAL (IVE EXCLUÍDO)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINANCIAMENTO
2020	7.500,00	00000/22402	Fondos propios
2021	15.000,00	00000/22402	Fondos propios
2022	9.000,00	00000/22402	Fondos propios
TOTAL	31.500,00	00000/22402	Fondos propios

6. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZOS DE EXECUCIÓN

6.1 A vixencia deste contrato estenderase desde as 00:00 horas do día da súa sinatura ata as 24:00 horas do día de cumprimento do seu prazo máximo de duración de 1 ANO, agás prórroga deste.

Prazos de execución parcial: Non procede

7. PRÓRROGA

7.1 Prórroga prevista do contrato cunha duración máxima de 1 ano conforme ao previsto no artigo 29.2 da LCSP .

7.2 Prazo de preaviso da prórroga: 2 meses.

7.3 Cabe posibilidade de prórroga segundo o previsto no artigo 29.4, parágrafo 5 da LCSP.





8. PRAZO DE GARANTÍA

12 meses

9. CLASIFICACIÓN. SOLVENCIA E HABILITACIÓN

9.1 Clasificación dos contratistas (substitutiva)

De conformidade co artigo 77.1 da LCSP non é esixible a clasificación do empresario. Con todo, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia coa presentación da seguinte clasificación substitutiva: CPV 66510000-8 Servizos de seguros e 66514110-0 Servizos de seguros de automóbiles

9.2 Medios de acreditación da solvencia económica e financeira

Conforme ó establecido no artigo 159.6b) exímese aos licitadores da necesidade de acreditación da solvencia económica e financeira

9.3 Medios de acreditación da solvencia técnica

As persoas licitadoras están eximidas da necesidade de acreditación da solvencia técnica ou profesional no artigo 159.6b)

9.4 Habilitación empresarial ou profesional para a realización do contrato

Será necesario contar coa preceptiva autorización administrativa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para operar no ramo de responsabilidade obxecto deste contrato.

10 REVISIÓN DE PREZOS

Considerando a natureza do contrato, non procede a revisión de prezos conforme ao disposto no artigo 103 da Lei 9/2017, se ben poderanse comunicar altas de novos vehículos para os cales a prima total será a mesma que para outros vehículos similares coas mesmas garantías. Así mesmo poderán comunicarse baixas de vehículos no contrato quedando obrigada a aseguradora ao extorno correspondente de prima ata o vencemento, agás se se teñen atendido sinistros de responsabilidade civil por culpa do asegurado

11 GARANTÍAS

11.1 Garantía provisional: NON

11.2 Garantía definitiva: NON (art 159.6f LCSP)

11.3 Garantía complementaria: NON

11.4 Acreditación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos: SI

12 PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Lugar	A documentación (indicada na cláusula 9 do PCAP) presentarse nun único sobre ou arquivo electrónico a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX) no seguinte enderezo: www.conselleriadefacenda.es/silex
Prazo	O prazo para presentación de proposicións será o sinalado no anuncio de licitación publicado no perfil do contratante. A data e hora da apertura da documentación publicarse no perfil do contratante.

REQUISITOS TÉCNICOS DO Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), regulado pola Orde de 28 de xullo de 2010.





Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

Requisitos do licitadores:

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas polo CIXTEC. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección “Requirimentos necesarios” do apartado e-trámites.

- As empresas inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma deberán ter o certificado vixente.

Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas:

- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex

- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

- Toda a documentación poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES).

Para obter soporte técnico, os licitadores poden poñerse en contacto co Centro Informático CIXTEC no teléfono 881.955.940 ou acceder á páxina de atención ó usuario da Consellería de Facenda a través da seguinte ligazón: <http://www.cixtec.es/web/cixtec/atendemos>

De conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP o prazo de presentación de ofertas será o sinalado no perfil do contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

De acordo co disposto para os efectos do artigo 138 da LCSP os interesados poderán dirixirse para consultas relacionadas co expediente ao seguinte correo electrónico:

concepcion.maceira.miras@portosdegalicia.com

Teléfono: 981 957025

Perfil do contratante ubicado na Plataforma de contratación pública de Galicia:

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?N=760674>

13 INCOMPATIBILIDADE

Non procede

14 ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non. O licitador debe axustarse ao servizo e non se admite ningunha modificación, excepto o prezo. O licitador non pode modificar o prazo na súa oferta e de facelo será excluído do procedemento de licitación, e rexeitarase a súa oferta.

15 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Dado que as condicións de execución atópanse totalmente definidas no Prego de Prescricións técnicas, e considerando que non existen criterios de carácter subxectivo que vaian a supoñer unha mellora nas condicións de execución das prestacións, propónse o emprego dun sistema unicriterio, no que unicamente se terá en conta o prezo ofertado como criterio de adxudicación, resultando adxudicataria a oferta máis baixa, non considerándose as ofertas económicas que superen o tipo de licitación.

15.1 Criterios avaliados mediante fórmulas

15.1.1 Económico





CRITERIO DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Mellor prezo ofertado	10 puntos

A valoración obtida por cada unha das ofertas será a resultante de interpolar linealmente entre a oferta máis baixa, á que se lle asignarán dez puntos (10), e o orzamento de licitación que se lle asignará cero (0) puntos, de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_x = V_{\max} \times \frac{OL - OEx}{OL - OEMB}$$

Sendo:

O.L. = Orzamento de licitación
O.E.M.B. = Oferta económica máis baixa
O.E.x = Oferta económica da empresa x
V.max. = Valoración máxima
Vx = Valoración da oferta x

15.2 VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS

Unha vez admitidas as ofertas, e excluídas as que incorren en baixa temeraria por presentar valores anormais ou desproporcionados, calcularáanse as puntuacións definitivas de acordo cos seguintes criterios:

A puntuación económica (PE) virá dado pola puntuación obtida na valoración da proposición económica.

A efectos do cálculo, os resultados parciais e totais redondearanse a dous (2) cifras decimais.

16 PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS

Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Consideraranse como ofertas que presentan valores anormais ou desproporcionados, aquelas que presentan unha baixa (Bi) superior en DEZ (10) puntos á baixa media:

$$BI > BM + 10$$

Se algunha oferta presentase valores anormais ou desproporcionados, aplicarase o disposto no artigo 149 da LCSP, en canto ás xustificacións esixibles e á adxudicación do contrato.

No caso de que o órgano de contratación, unha vez estudadas as xustificacións dos licitadores que presentasen ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aceptase as mesmas, estas serán tidas en conta segundo o establecido para o cálculo da puntuación económica, xunto co resto das ofertas.

17 CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN EN CASO DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS (artigo 147 da LCSP):

Os criterios de adxudicación específicos para o desempate nos casos en que, tras a aplicación dos criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

1. Número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta do 8/4/2010 así como o previsto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior





porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

2. Empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes poderase acreditar por algún destes medios:

a) Acreditación de certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

b) Acreditación da obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

c) Acreditación da adopción das medidas de conciliación previstas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (concretar estas medidas).

3. De continuar o empate, terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite ter no seu cadro de persoal maior número de traballadores.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

18CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN (artigo 202 da LCSP)

A entidade aseguradora adxudicataria do contrato deberá someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Estas obrigacións teñen o carácter de obrigación contractual esencial de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP.

19RÉXIME DE ABOAMENTO DO PREZO (artigo 198 da LCSP e cláusula 13.2 do prego).

O pago do prezo efectuarase de acordo co establecido nos artigos 198 e 199 da LCSP, e as normas e disposicións de desenvolvemento. O prezo do contrato abonarase de xeito total no prazo dos trinta días seguintes á data de inicio do servizo, polo montante da prima do seguro, previo informe favorable ou de conformidade do persoal que reciba ou supervise á poliza de seguro.

O pago realizarase contra facturas, expedidas de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo o, no seu caso, polo el designado como responsable do contrato.

FACTURACIÓN:

De acordo coa disposición adicional trixésimo segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura expedida ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

A tal efecto facilítase a seguinte información: Na factura deberá indicarse o número de expediente, o obxecto do contrato, a desagregación de unidades, así como o importe máximo total certificado ata a data.

No caso de que a factura se emita de forma electrónica estarase ao establecido na **cláusula 13.3** do prego de cláusulas administrativas particulares.

Facturación electrónica.

Unha vez certificada a conformidade na prestación do servizo por parte de Portos de Galicia e emitida a correspondente factura electrónica, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público. O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia, regulado na Orde do 12 de febreiro de 2010 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro) e a Orde da Consellería de Facenda do 26 de febreiro de 2015 (DOG nº 50) pola que se regula o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de





Galicia.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia,, e á información sobre o mesmo será a través do seguintes URL: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>, facendo constar os datos seguintes:

CONSELLERÍA/ENTIDADE: Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Presidencia de Portos de Galicia

UNIDADE DE CONTRATACIÓN: Unidade de Contratación: S^a. X.-A.X.-DIVISIÓN DE CONTRATACIÓN

CIF: Q6550023C

CÓDIGO INTERNO SEF: 1065

CÓDIGOS DIR3:

-CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE: A12009472

-CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR: A12009472

-CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA: GE0011237

DIRECCIÓN DA UNIDADE TRAMITADORA: Polígono de Fontiñas, Área Central, praza de Europa 5A, 6º, 15707 Santiago de Compostela

PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACE):

https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/ ou
<http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

Teléfono CIXTEC: 981 541300

A presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para las Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, las Unións temporais de empresas, las agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades no residentes en territorio español nos termos que establece la normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, anque non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

Órgano con competencias en materia de contabilidade pública:

Departamento de Contabilidade e Tesourería Servizos Xerais de Portos de Galicia

DESTINATARIO: Entidade Pública Portos de Galicia.

As facturas serán pagadas de acordo coas estipulacións recollidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, así como coas condicións descritas na proposta presentada polo respectivo adxudicatario.

18. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Dada a natureza deste contrato non se permite a cesión total nin parcial do contrato.

Debido ás especiais características deste contrato, o contratista soamente poderá subcontratar con terceiros aquelas prestacións accesorias que non supoñan o exercicio da actividade aseguradora obxecto deste contrato. A subcontratación axustarase ao disposto no artigo 215 da LCSP.





En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, de conformidade co artigo 215.2.b) da LCSP. Así mesmo, deberá presentar unha declaración responsable do subcontratista, outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme o artigo 71 da LCSP.

A Administración poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, o contratista remitirá á Administración, cando esta llo solicite, unha relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, achegará, por solicitude da Administración, un xustificante do cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación.

En caso de subcontratación total ou parcial do servizo contratado, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o servizo prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán, así mesmo, de aplicación os requisitos establecidos na normativa en materia de protección de datos.

Os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte (20) días dende que se cursara a notificación á Administración e achegaran as xustificacións de aptitude do subcontratista para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos dos que dispón e a súa experiencia. No caso que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquél.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente. A infracción das condicións establecidas nos parágrafos anteriores para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación de la aptitude del subcontratista o das circunstancias determinantes da situación de emerxencia o das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, a imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, de acordo estritamente ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 da LCSP, así como da obrigación a que fai referencia o último parágrafo do apartado 1 do artigo 202 da LCSP referida ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións efectuadas polos licitadores e adxudicatarios, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

19. PENALIDADES ESPECÍFICAS

Aplicaranse nos termos do artigo 192, 193.3 e 194 da LCSP e [cláusula 18](#) do prego de cláusulas administrativas particulares.

20. MODIFICACIÓN DO CONTRATO





De acordo cos artigos 203 a 207 da LCSP e de acordo co establecido na cláusula 20 da PCAP, non procede, agás por causas de estabilidade e sustentabilidade orzamentaria.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou a causas imprevistas, xustificándoo debidamente.

NON SE ACEPTARA, baixo ningún concepto, a modificación da prima anual da póliza subscrita durante o primeiro ano de cobertura. Poderá variar de ano en ano por efecto das variacións que poidan influir na valoración dos riscos asegurados, (altas e baixas en vehículos). Por iso, as licitadoras terán en cuenta á hora de realizar a correspondente oferta, as posibles fluctuacións dos distintos mercados afectados.

PROCEDIMENTO.- Dita modificación quedará unicamente reflectida na póliza unica e ao vencemento da mesma. Anualmente, a póliza única recollerá as “variacións” acaecidas durante o ano anterior, axustándose o prezo da prima segundo o establecido neste Prego e no PPT.

ALCANCE MÁXIMO.- Establecese o alcance máximo da modificación nun 10 % do prezo do contrato anual ofertado (PÓLIZA ÚNICA)

Dada a natureza propia do contrato de seguro privado, poderán introducirse modificacións na correspondente póliza de seguro, que non no contrato, con motivo do reaxuste de baixas ou altas de vehículos.

No caso de altas ou baixas de vehículos e/ou modificacións das distintas coberturas descritas neste prego, a adxudataria obrígase a respectar o prezo ofertado para os mesmos tipos de vehículos (en función da súa motorización, equipamento, tipo de combustible..) e coberturas contratadas durante cada anualidade de seguro.

Todas estas modificacións, obviamente, nos termos que se pronuncia o artigo 204 da Lei 9/2017 trátase de modificacións previstas na documentación que rexe a licitación, e conseguintemente de público coñecemento para os posibles licitadores.

21. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Aos efectos de aplicación do artigo 211 da LCSP, serán consideradas causas de resolución, as sinaladas na [cláusula 22](#) do PCAP

Do mesmo xeito terán esta condición de obrigas contractuais esenciais do artigo 211.1.f) da LCSP o establecido nas letras a) e e) do artigo 122.2 desta Lei, consonte á redacción deste precepto 122 dada polo Real Decreto Lei 14/2019, do 31 de outubro; singularmente o incumprimento da condición esencial a efectos de resolución, da normativa nacional e europea de protección de datos persoais.

22. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

Segundo as condicións definidas na [cláusula 21](#) do PCAP.

23. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

As notificacións aos licitadores realizaranse a través do SILEX.

24. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL

Os licitadores deberán identificar a información e/ou documentación incluída na súa oferta que ten a





consideración de “confidencial”. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración complementaria do **Anexo II** e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe do mesmo ou de calquera outra forma visible.

En canto ao tratamento da información declarada como confidencial, se estará ao disposto na cláusula 9 do PCAP.

25. INFORMACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E CONTACTO PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Órgano de Contratación: A presidencia de Entidade Pública Portos de Galicia, Área Central, Fontiñas, Portal 5 A 6º B Santiago de Compostela (A Coruña).

Responsable do Contrato: A persoa xefe do Departamento de Contabilidade e Orzamentos

Departamento ou Servizo: Departamento de Contabilidae e Tesorería, Fontiñas, Portal 5 A 6º B Santiago de Compostela (A Coruña). Tlfno: 881 95 00 95

Perfil do contratante: A forma de acceso ao perfil do contratante da entidade pública Portos de Galicia a través da Plataforma SILEX

Para consultas relacionadas co expediente:

Sª. Xeral-Asesoría Xurídica/Contratación: 981 95 70 55/981 95 70 25

Correo electrónico: concepción.maceira.miras@portosdegalicia.com

As consultas en relación ao SILEX formularanse no seguinte teléfono (881 955 900) e/ou no correo electrónico (cau@cixtec.es)

26. INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Nos termos da cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares e singularmente imponse a obriga ao contratista de someterse á normativa de protección de datos coa advertencia de que se trata dunha obriga contractual esencial aos efectos de resolución do contrato.

Responsable do tratamento:	Director Xeral de Portos de Galicia
Finalidades do tratamento:	Execución dun contrato administrativo de obras.
Lexitimación para o tratamento:	Artigo 6.1.b) do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (RXPDP): tratamento necesario para a execución dun contrato no que a parte interesada é parte ou para a aplicación por petición desta de medidas precontractuais. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP). Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de





	Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (TRLRFO)
Destinatarios dos datos:	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (artigo 63 LCSP), Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Facenda) (Título V TRLRFO), Consello de Contas (artigo 4 Lei 6/1985, de 24 de xuño), Tribunal de Cuentas (artigo 4 LO 2/1982, de 12 de maio)
Exercicio de dereitos:	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos .
Contacto delegado de protección de datos e información adicional:	http://www.portosdegalicia.gal/gl/web/portos-de-galicia/informacion-regulamento-europeo-xeral-de-proteccion-de-datos .





PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA “PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL, PATRONAL E PROFESIONAL PARA A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA”, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, ORDINARIO OU SIMPLIFICADO, SUXEITO OU NON A REGULACIÓN HARMONIZADA.

CLAVE: 9/2020/CNTSE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. Réxime xurídico do contrato

O contrato a que se refire o presente prego ten a consideración de servizos de carácter privado, de conformidade co artigo 25.1.a) 1º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público, o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en diante RXLCAP), no que non se opoñan á citada lei; con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Rexerase polo disposto neste prego, especialmente en canto aos actos separables de da súa preparación e adxudicación, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias, así como polo disposto no prego de prescricións técnicas particulares, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, e a súa execución. Este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP), o prego de prescricións técnicas (en diante PPT) e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. O contrato axustarase ao contido dos citados pregos que se consideran parte integrante do contrato.

En todo o non previsto nos pregos en canto á preparación e adxudicación do contrato estarase ao disposto na citada LCSP, ao Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ao Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente, e ao Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan.

Estará tamén suxeito ao disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e nas cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.





Ao tratarse dun contrato privado, e sen prexuízo do establecido neste prego, estarase tamén ao disposto nos artigos da LCSP en canto ás condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesións, subcontratación e resolución do contrato, no caso de que se trate de regulación harmonizada (art. 26 da LCSP).

En canto aos seus efectos e extinción, rexeráse polo dereito privado e en concreto ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 50/1980, do 8 de Outubro, de Contrato de Seguros.
- Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.
- Real Decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.
- Real Decreto 996/2000, do 2 de xuño, de Modificación dos regulamentos de Ordenación do Seguro Privado e Entidades de Previsión Social.
- Real Decreto Legislativo 6/2004, do 29 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Ordenación e Supervisión dos seguros privados.
- Lei 34/2003, do 4 de novembro, de Modificación e adaptación da normativa comunitaria da lexislación de Seguros Privados.
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Real Decreto 1060/2015, do 20 de novembro de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Este contrato está sometido igualmente á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e en concreto ao Regulamento UE 2016/6479, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE así como á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O cumprimento desta normativa é unha condición esencial de execución do contrato.

De conformidade coa disposición adicional 25 da LCSP, os contratos que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), así como á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a normativa complementaria.

Queda prohibida toda negociación dos termos do contrato coas licitadoras.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do presente prego, do contrato, dos seus documentos anexos ou das instrucións ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá a persoa contratista da obrigaón do seu cumprimento.





De conformidade co disposto nos artigos, 131.2 e 156 da LCSP o expediente de contratación tramitarase de forma ordinaria por procedemento aberto.

O adxudicatario obrigarase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

2. Obxecto do contrato

De acordo co establecido no artigo 17 da LCSP, o contrato ten por obxecto a contratación do servizo de **“PÓLIZA DE SEGURO DE PÓLIZAS PARA A FROTA DE VEHÍCULOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA (EPEPG)”**.

As necesidades administrativas para satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde que se deben ter en conta descríbense na memoria e prego de prescricións técnicas que obra no expediente.

O código da nomenclatura da clasificación estatística de produtos por actividades 2008 (CPA- 2008) correspondente ao obxecto do contrato, así como o código relativo á nomenclatura vocabulario común de contratos públicos (CPV) da Comisión Europea será o sinalado no cadro de características.

A plataforma de contratos públicos de Galicia é unha das formas de acceder ao perfil do contratante do órgano de contratación.

Cada licitador presentará inescusablemente unha única proposición en relación co obxecto do contrato.

A proposición deberá conter unha solución, que se axustará necesariamente á solución técnica definida pola Administración e cun prazo máximo de execución dos traballos que será o indicado no cadro de características. A súa falta supoñerá a exclusión da oferta presentada pola empresa licitadora.

Así mesmo, serán rexeitadas todas as ofertas que superen o valor máximo do prazo de execución fixado.

Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes. A información relativa aos lotes nos que se divide o contrato especifícase, de ser o caso, no CCC.

De conformidade co establecido no artigo 22.2 da LCSP os contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a contratación de servizos iguale ou supere os importes indicados no artigo 22.1 da LCSP, aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote. Con todo, os órganos de contratación poderán exceptuar destas normas os lotes cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o importe acumulado dos lotes exceptuados non exceda o 20 por 100 do valor acumulado da totalidade destes, o que sinalará no CCC.

Se o contrato está dividido en lotes, no CCC especificarase se as persoas licitadoras poderán optar a un lote, a varios ou a todos eles, salvo que se estableza un número máximo de lotes por persoa licitadora.





No mesmo CCC indicárase, de igual modo, se se permite que se adxudique a unha oferta integradora, concretándose a combinación ou combinacións que se admitan, se é o caso. Se admitise esta posibilidade os requisitos de solvencia e capacidade esixidos en cada unha delas especificáranse nos anexos I e II.

Se a contratación se fracciona en lotes considérase que o obxecto de cada lote constitúe unha unidade funcional susceptible de realización independente. Cada lote constituirá un contrato, salvo en casos en que se presenten ofertas integradoras, nos que todas as ofertas constituirán un contrato.

No caso de que o contrato non se atope dividido en lotes, no CCC indicáranse as principais razóns polas cales o órgano de contratación decidiu non dividir o contrato en lotes. En todo caso consideráranse motivos válidos, para os efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os establecidos no artigo 99.3 da LCSP.

3. Orzamento base de licitación, valor estimado e prezo do contrato

O orzamento base de licitación é o que figura no CCC, no que se indicará como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido que deba soportar a Administración.

O orzamento base de licitación, que será adecuado aos prezos do mercado, desagregarase no CCC, e indicar os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que os custos dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.

O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación e incluírá, como partida independente, o imposto sobre o valor engadido, e quedará por tanto limitado o gasto real ao que resulte da selección da mellor oferta.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do traballo contratado, os tributos de calquera índole (taxas, canons etc.) que se xeren por razón do contrato, calquera outras que resulten de aplicación segundo a lexislación vixente e toda clase de impostos, directos e indirectos.

A formulación da proposta económica ten carácter global, incluíndo a totalidade dos factores de valoración e impostos que se reivindiquen por razón do contrato que se vai executar.

En relación co IVE, a oferta do licitador comprende non só o prezo do servizo senón tamén o importe do devandito imposto que figurará como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 102.5 LCSP.

No prezo do contrato aboarase con cargo ás anualidades que se sinalen no CCC.

No CCC indicase igualmente o sistema de determinación do prezo, que poderá formularse tanto en termos de prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades desta que se executen, como en termos de prezos aplicables a tanto alzado, á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.





En determinados servizos complexos nos que a execución do contrato leve aparelados custos de investimento iniciais e se prevea que as obras ou equipamentos que se xeren vaian incorporarse ao patrimonio da entidade contratante ao concluír ou resolverse o contrato, poderá establecerse un sistema de retribución que compense por estas.

O valor estimado do contrato, calculado conforme ao artigo 101 da LCSP, será o recollido no CCC, e foi tido en conta para elixir o procedemento de licitación aplicable a este contrato e a publicidade á que se vai someter. O método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para calcular o valor estimado establécese no CCC, que terá en conta os prezos habituais do mercado, onde igualmente se indicará se o contrato está ou non suxeito a regulación harmonizada.

Se é o caso, no CCC establecerase igualmente a posibilidade de incluír cláusulas de variación de prezos en función do cumprimento ou incumprimento de determinados obxectivos de prazos ou de rendemento, de conformidade co establecido no artigo 102.6 da LCSP.

4. Existencia de crédito

Existe crédito adecuado e suficiente para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do contrato a que se refire o presente prego, e obra no expediente documento contable que acredita a súa existencia. No caso de entidades do sector público con orzamento estimado, consta documento equivalente que acredita a existencia de financiamento.

O expediente de contratación poderase tramitar anticipadamente, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e o artigo 117.2 da LCSP. Neste suposto, farase constar tal circunstancia de forma expresa no CCC. Os expedientes que se tramiten anticipadamente quedarán condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente dentro do orzamento ao que se han de imputar os gastos.

No caso de que o presente contrato responda a un acordo ou convenio específico de colaboración na modalidade establecida no apartado a) do artigo 16 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG n.º 17, do 27 de xaneiro) cada un dos órganos cofinanciadores será responsable directo soamente da obrigaón do pago das cantidades comprometidas que lles correspondan e non das dos restantes.

No caso de que o orzamento se financie con fondos europeos, constará no CCC o tipo de fondo e a porcentaxe de cofinanciamento.

Neste suposto, o contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude deste, en especial ao Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) n. 1083/2006 do Consello, así como a normativa específica reguladora de cada fondo.





A persoa contratista deberá de cumprir coas medidas de información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 e no capítulo II do Regulamento de Execución (UE) núm. 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

De acordo co esixido no apartado 2 da disposición adicional trixésima segunda da LCSP, debe considerarse que o órgano administrativo con competencia en materia de contabilidade pública é a Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

5. Prazo de execución

O contrato poderá ser prorrogado por mutuo acordo entre as partes por outro ano máis de acordo co establecido pola Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro (LCS). En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Se o adxudicatario non desexa prorrogar o contrato deberá remitir comunicación expresa á Portos de Galicia cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do contrato.

O prazo de duración do contrato e as súas prórrogas axustaranse en todo caso ao establecido no artigo 29 da LCSP.

Sen prexuízo do anterior, e conforme ao establecido no artigo 29.4 da LCSP, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación para realizar pola persoa contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

6. Capacidade e solvencia da persoa empresaria para contratar

6.1. Capacidade e aptitude

Están facultadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións de contratar que sinala o artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, conforme o establecido nos artigos 86, 87 e 90 da LCSP.

Para determinar a capacidade para contratar das empresas non españolas de Estados membros da UE ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (AEEE) non clasificadas en España e as restantes empresas estranxeiras estarase ao disposto nos artigos 67 e 68 e 69 da LCSP respectivamente.





Os certificados de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais e empresarios autorizados para contratar establecidos polos Estados membros da Unión Europea sintan unha presunción de aptitude dos empresarios incluídos nelas en relación coas circunstancias establecidas no artigo 97 da LCSP.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Así mesmo, deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato, segundo o que, se é o caso, se indique no CCC.

A xustificación da aptitude para contratar efectuarase de conformidade co establecido no artigo 67 da LCSP e nos artigos 9 e 10 do RXLCAP referidos a empresas non españolas de Estados membros das UE ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (AEEE) non clasificadas en España e as restantes empresas estranxeiras respectivamente.

A Mesa de Contratación comprobará pertinentemente a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración para efectualo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

O órgano de contratación tomará as medidas adecuadas para garantir que a participación na licitación das empresas que participasen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato ou asesorasen ao órgano de contratación durante a preparación do procedemento de contratación, non falsee a competencia. Entre esas medidas poderá chegar a establecerse que as citadas empresas, e as empresas a elas vinculadas, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio, poidan ser excluídas das devanditas licitacións, cando non haxa outro medio de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato. Estarase ao disposto no artigo 70 da LCSP.

En todo caso, antes de proceder á exclusión da persoa candidata ou licitadora que participou na preparación do contrato, deberá dársele audiencia para que xustifique que a súa participación na fase preparatoria non pode ter o efecto de falsear a competencia ou de dispensarlle un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Entre as medidas para garantir que na participación na licitación non se falsee a competencia atoparanse a comunicación ás demais persoas candidatas ou licitadoras da información intercambiada no marco da participación na preparación do procedemento de contratación ou como resultado dela, e o establecemento de prazos adecuados para a presentación de ofertas. De conformidade co establecido no artigo 336.1, j) da LCSP, as medidas adoptadas consignaranse nos informes específicos sobre os procedementos para a adxudicación dos contratos.

Con todo, o anterior, a participación nunha consulta preliminar do mercado non impide a posterior intervención no procedemento de contratación, nos termos establecidos no artigo 115.3 *in fine* LCSP.





Unións temporais

Poderán presentar proposicións as unións temporais de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 69 da LCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación para os efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP.

As persoas licitadoras que estean interesadas en formar as unións ás que se refire o presente artigo, poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia.

Se xa estivesen inscritos no citado rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Conforme ao prescrito no artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na devandita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ten a representación de todos eles fronte á Administración.

As persoas empresarias que concorran agrupadas en unións temporais quedarán obrigadas solidariamente e deberán nomear a unha persoa representante ou apoderada única da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción desta, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobranzas e pagos de contía significativa.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

6.2. Solvencia

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional polos medios precisados no cadro de características e/ou anexos específicos deste prego e no anuncio de licitación. De conformidade co disposto no artigo 77 da LCSP, cabe a acreditación da solvencia mediante a clasificación substitutiva que se estableza no CCC.

Integración da solvencia con medios externos

En virtude do establecido no artigo 75 da LCSP, para xustificar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato





dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69, poderán recorrer ás capacidades de entidades alleas á unión temporal.

Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará ao órgano de contratación que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades.

Con todo, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1.e) da LCSP, ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van prestar servizos para os cales son necesarias as ditas capacidades.

Cando os anexos correspondentes deste prego non concreten os criterios e requisitos mínimos para a acreditación da solvencia económica e financeira, técnica e profesional, estarase ao disposto nos artigos 87.3 e 90.2 da LCSP.

Requisitos de solvencia técnica complementaria

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada, o órgano de contratación poderá esixir a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que a persoa empresaria cumpre determinadas normas de garantía da calidade, en particular en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade, ou de xestión ambiental, conforme ao disposto nos artigos 93 e 94 da LCSP.

A mesa ou o órgano de contratación poderá solicitar da persoa empresaria aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirlle para a presentación doutros complementarios.

7. Publicidade. Información aos licitadores

7.1. Perfil de contratante

No perfil de contratante do órgano de contratación publicarase a información relativa a este contrato, de acordo co establecido no artigo 63 da LCSP.

Así mesmo, publicaranse no perfil do contratante as respostas ás solicitudes de aclaración ao PCAP ou ao resto da documentación cando no CCC se lle atribuíu carácter vinculante a estas, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP.

O acceso ao perfil de contratante efectuarase a través da Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia, indicada no CCC do presente prego, a cal está interconectada coa Plataforma de Contratación do Sector Público.

Para este efecto poderase consultar toda a documentación e información de relevancia do procedemento de contratación, no perfil do contratante en:

<https://www.contratosdegalicia.gal/consultarorganismo>

Enderezos electrónicos de acceso ao perfil do contratante de Portos de Galicia:





- Plataforma de Contratos Públicos de Galicia en: <http://www.contratosgalicia.gal>.
- Web institucional da Xunta de Galicia en: <http://www.xunta.gal>.
- Sede electrónica da Xunta de Galicia en: <https://sede.xunta.gal>
- Portal de Transparencia e bo goberno de Galicia en: <https://transparencia.xunta.gal>
- Plataforma de contratación do sector público en: <https://contrataciondelestado.es>

7.2. Información aos licitadores

Desde o día da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante ou, se é o caso, desde o día do envío do devandito anuncio para a súa publicación no DOUE (circunstancia do envío neste último suposto que se fará pública nese mesmo día no perfil do contratante) e ata a finalización do prazo de presentación de proposicións, o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico das obras, o prego de prescricións técnicas particulares, así como a demais documentación que corresponda estará ao dispor dos interesados no perfil do contratante.

Ademais, estará ao dispor dos interesados, en días e horas hábiles de oficina, nas dependencias da Entidade Portos de Galicia situadas en Santiago de Compostela, a dita documentación.

O lugar, data, hora das aperturas do sobre C ao que se refire o presente prego pola mesa de contratación, así como o acto de adxudicación acordado polo órgano de contratación, a formalización do contrato e toda a demais información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP farase pública no perfil do contratante.

Así mesmo, ao amparo do disposto no artigo 138.3 da LCSP, proporcionarase a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pediran polo menos 12 días antes de que transcorrese o prazo de presentación das proposicións.

Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou o resto de documentación, as respostas terán carácter vinculante e, neste caso, faranse públicas no perfil do contratante en termos que garantan a igualdade e concorrancia no procedemento de licitación.

II. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO. SISTEMA DE LICITACIÓN

8. Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente. Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)

O contrato de servizos adxudicarase mediante procedemento aberto segundo dispoña o CCC, no que tamén se establecerá a posibilidade ou non de incluír variantes. No CCC indicase a forma de tramitación do expediente.

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). A súa utilización permite a presentación de ofertas.

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010.

Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex





Requisitos dos licitadores:

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas polo CIXTEC. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección “Requirimentos necesarios” do apartado e-trámites.
- Deben estar dados de alta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e con certificado vixente.

Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas.

- Para licitar no SILEX, deberanse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadeconomia.es/silex
- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.
- Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF/PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES).

A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. Para tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

Será responsabilidade dos licitadores asegurar que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

Se a documentación que se achegue fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou devandito documento. Na súa falta a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto nas seguintes referencias normativas:

- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Capítulo VII do Decreto 198/2010, do 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.





9. Presentación das proposicións

O órgano de contratación anunciará a licitación do contrato no seu perfil de contratante e, no caso de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) de acordo co disposto na LCSP, debendo os poderes adxudicadores poder demostrar a data de envío do anuncio de licitación.

De conformidade co establecido no artigo 135.3 da LCSP, o anuncio de licitación non se publicará no perfil do contratante antes da súa publicación no DOUE. Con todo, poderá en todo caso publicarse no perfil do contratante antes que o DOUE, se o órgano de contratación non recibiu a notificación da súa publicación pola Oficina de Publicacións da Unión Europea ás 48 horas da confirmación da recepción do anuncio.

Cada persoa licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outras se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por ela subscritas.

Nos procedementos abertos, os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa co fin de dar a coñecer aqueles contratos de servizos que, estando suxeitos a regulación harmonizada, teñan proxectado adxudicar nos 12 meses seguintes á data do envío do citado anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea ou, se é o caso, a partir da data de envío, polo órgano de contratación, tamén a esta última, do anuncio de publicación no perfil de contratante.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada pola persoa empresaria do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen condición ou reserva algunha, así como a autorización á mesa ou ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

As persoas licitadoras, presentarán, se é o caso, unha declaración para incluír en cada sobre, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais, tal como indícase no artigo 133 da LCSP. O carácter de confidencial afecta, entre outros, aos segredos técnicos ou comerciais, aos aspectos confidenciais das ofertas e a calquera outras informacións cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento de licitación ou noutros posteriores. O deber de confidencialidade do órgano de contratación, así como dos seus servizos dependentes non poderá estenderse a todo o contido da oferta da persoa adxudicataria, nin a todo o contido dos informes e documentación que, se é o caso, xere directa ou indirectamente o órgano de contratación no curso do procedemento de licitación. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida, e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Será de aplicación no que proceda a Lei 1/2019, do 20 de febreiro, de segredos empresariais.

O deber de confidencialidade tampouco poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, tales como, se é o caso, a liquidación, os prazos finais de execución, as empresas coas que se contratou e subcontratado, e, en todo caso, as partes esenciais da oferta e as modificacións posteriores do contrato, respectando en todo caso o disposto en Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos





persoais e garantía de dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RXPDP).

9.1. Lugar e prazo de presentación

A presentación das proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O licitador poderá presentar a documentación esixida en documentos orixinais, copia ou fotocopia deles.

Os prazos de presentación das ofertas e das solicitudes de participación ampliaranse cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen, seis días antes de que finalice o prazo de presentación de ofertas, o requirimento de información que a persoa interesada houbese formulado polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación, de conformidade co establecido no artigo 138.3 da LCSP e a citada información adicional solicitada teña un carácter relevante para os efectos de poder formular unha oferta ou solicitude que sexan válidas, conforme ao estipulado no artigo 136.2 da LCSP.

Así mesmo, ampliarase o prazo de presentación das ofertas e solicitudes de participación no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación, sen prexuízo do sinalado nos artigos 122.1 e 124 da LCSP.

A duración da prórroga en todo caso será proporcional á importancia da información solicitada pola persoa interesada.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

9.2. Forma de presentación

a) As persoas licitadoras deberán presentar **un único sobre ou arquivo electrónico**, nos supostos no que no procedemento non se contemplen criterios de adxudicación cuxa contificación dependa dun xuízo de valor, conforme ao establecido no artigo 159 da LCSP e que incluírá outros en formato de arquivos electrónicos de forma que se garanta o secreto do seu contido, sinalados cos números 1, 2 e 3.

- “Arquivo electrónico Sobre n.º 1: Documentación administrativa”.
- “Arquivo electrónico Sobre n.º 2: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante un xuízo de valor”. De ser o caso, segundo o procedemento licitación concreto de que se trate.
- “Arquivo electrónico Sobre n.º 3: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de fórmulas”.

Sempre que o prego se refira á documentación presentada en sobres, entenderase que se trata de documentación para presentar en arquivos electrónicos.





b) Cando no CCC se indique que se utilizará un único criterio de adxudicación, relacionado cos custos podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, unicamente se presentarán os sobres n.º 1 e n.º 3.

c) Cando no CCC só se utilicen como criterios de adxudicación criterios avaliábeis de forma automática, unicamente se presentarán os sobres n.º 1 e n.º 3.

As proposicións constarán segundo corresponda de 2 ou 3 arquivos electrónicos e asinados polo licitador ou persoa que o represente.

No exterior de cada un deberán figurar os datos que se detallan nas cláusulas seguintes. Así mesmo, no seu interior, deberá figurar unha relación dos documentos incluídos en cada un dos sobres.

No arquivo aparecerá, primeiramente, o seguinte:

Sobre n.º 1: Documentación administrativa:

- Título do contrato.
- Referencia completa do expediente, segundo consta no anuncio de licitación.
- Licitador: nome e CIF.
- Persoa representante.
- Domicilio social.
- Número de teléfono, de fax e de correo electrónico a efectos de comunicacións.
- Número de lotes aos que licita, se fose do caso de existencia de licitación por lotes.
- Número de fax.
- Enderezo de correo electrónico.
- **CERTIFICACIÓN da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Asuntos Económicos e Transición Dixital de estar autorizado para operar no ramo de responsabilidade obxecto deste contrato.**
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Data e sinatura.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá vir en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a unha destas linguas.

No arquivo farase constar como primeiro documento independente do seu contido.

9.2.1. Arquivo electrónico Sobre n.º 1. Documentación administrativa

Os documentos para incorporar neste arquivo achegaranse ordenados tal e como se indica a continuación.

- a) Conforme ao establecido nos artigos 140 e 141 da LCSP presentárase unha declaración responsable que se axustará ao formulario do Documento Europeo Único de contratación (DEUC) establecido polo Regulamento (UE) n.º 2016/7 (DOUE de 6/01/2016) accesible a través do seguinte enderezo <https://ec.europa.eu/tools/espd?lang=é>. O modelo achégase como Anexo I.
- b) **CERTIFICACIÓN da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Asuntos Económicos e Transición Dixital de estar**





autorizado para operar no ramo de responsabilidade civil obxecto deste contrato.

Para o efecto de facilitar cubrir o DEUC, as persoas licitadoras poderán consultar o BOE n.º 85, do 8 de abril de 2016, onde se publicou a Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública.

O documento DEUC (que figura como anexo I a este prego) pode descargarse na páxina web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os licitadores deberán cubrir o devandito formulario, con excepción das seccións A, B, C e D da parte IV: Criterios de selección, debendo cubrir nesta parte IV exclusivamente o apartado: *Indicación global relativa a todos os criterios de selección.*

En todo caso, o DEUC deberá presentarse necesariamente acompañado do modelo que figura no Anexo II deste prego.

No caso de que a persoa licitadora recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP deberá achegar o seu propio DEUC xunto con outro DEUC separado no que figure a información pertinente por cada unha das entidades de que se trate.

As persoas empresarias que desexen concorrer integradas na unión temporal, deberán presentar un DEUC separado no que figure a información requirida nas partes II a V por cada empresa participante.

O enderezo de correo electrónico que figure no DEUC debe ser habilitada de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da LCSP.

Se no Sobre número 1 figurase documentación correspondente ao contido do sobre número 2 ou 3 o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 139.2 da LCSP.

Contratación por lotes (De ser o caso)

Para o caso de que no cadro de características que a contratación se divida en lotes as normas procedementais e de publicidade que deben aplicarse na adxudicación de cada lote ou prestación diferenciada determinaranse en función do valor acumulado do conxunto dos lotes. Por tanto, o valor estimado da licitación corresponderá coa suma dos importes de licitación de cada un dos lotes (IVE excluído).

Presentarase un sobre n.º 1 por cada lote aos que se licite identificando no seu exterior ademais o lote correspondente.

No caso de que se presente a máis dun lote todos e cada un dos sobres debidamente identificados e pechados xunto coa declaración relativa á relación priorizada do anexo correspondente do presente prego entregaranse nun único sobre identificando no exterior os mesmos datos e os lotes aos que se presenta.





Presentarase un sobre n.º 2 relativo á proposición técnica e outros elementos da oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor por cada lote aos que se licite identificando no seu exterior ademais o lote correspondente.

No caso de que se presente a máis dun lote todos e cada un dos sobres debidamente identificados e pechados entregaranse nun único sobre identificando no exterior os mesmos datos e os lotes aos que se presenta.

Presentarase un sobre n.º 3 relativo á proposición económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas por cada lote aos que se licite identificando no seu exterior ademais o lote correspondente. No caso de que se presente a máis dun lote todos e cada un dos sobres debidamente identificados e pechados entregaranse nun único sobre identificando no exterior os mesmos datos e os lotes aos que se presenta.

Os criterios establecidos para a acreditación da solvencia aplicaranse respecto a cada lote. En concreto, as referencias aos importes que se establezan entenderanse referidas ao orzamento de cada lote. No caso de que se establecese unha clasificación para acreditar os criterios de solvencia, recollerase no cadro de características a que proceda para cada lote.

No caso de que un licitador poida resultar adxudicatario de dous ou máis lotes adxudicarase o lote en función da declaración relativa á relación priorizada do anexo V do presente prego. No caso de que non se fixo a correspondente declaración aplicaranse os seguintes criterios:

1. Procederá a adxudicación a favor do lote de maior importe de licitación.
2. En caso de igualdade dos importes de licitación, procederá adxudicar o lote onde o licitador conseguise unha maior puntuación técnica.
3. En caso de igualdade das puntuacións técnicas, adxudicarase o lote con menor numeración en función da orde establecida no cadro de características.

A Mesa de Contratación constituída para o efecto, despois da análise das circunstancias que deban terse en conta na adxudicación de cada lote elevará, xunto coa acta, a proposta que considere a mellor oferta a cal incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares ao órgano de contratación, e as circunstancias establecidas no punto anterior en canto a limitación de adxudicacións de lotes.

O importe das garantías fixarase atendendo exclusivamente ao importe do lote do cal o licitador vaia a ser adxudicatario.

O órgano de contratación resolverá unha adxudicación e formalizarase un contrato por cada un dos lotes.

Neste caso deberá incluírse no sobre n.º 1 o Anexo V deste prego relativo á relación priorizada de lotes aos que formula oferta. No suposto de non incluírse devandito anexo seguiranse os criterios especificados nos apartados anteriores deste prego para establecer a prioridade na adxudicación dos lotes.

Empresas estranxeiras

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, achegarán declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de





calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder á persoa licitadora. A dita manifestación formularase no apartado correspondente do Anexo II.

Relación de empresas pertencentes ao mesmo grupo

Para os efectos da aplicación da regra prevista no artigo 86.1 do RXLCAP, e de conformidade co establecido no artigo 149.3 da LCSP, as persoas licitadoras deberán presentar declaración, segundo apartado correspondente do modelo do Anexo II do presente prego, ben de que non pertence a ningún grupo de empresas ou ben de que se atopa nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio e pertence a un grupo de empresas, con indicación da relación das empresas do devandito grupo e das que se presentan á licitación. A dita manifestación formularase no apartado correspondente do Anexo II.

d) Documento xustificativo, se é o caso, de constituír a garantía provisional a favor do órgano de contratación.

No procedemento de contratación non procederá a esixencia de garantía provisional, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, o indique expresamente no CCC, no que se xustificarán as razóns polas que se estima procedente a súa esixencia.

A garantía non poderá ser superior a un 3 por 100 do orzamento base de licitación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido. No caso de división en lotes, a garantía provisional fixarase atendendo exclusivamente ao importe dos lotes para os que o licitador vaia a presentar oferta e non en función do importe do orzamento total do contrato.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108.1 da LCSP

1.- Se se constituíe a garantía mediante aval, prestado por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, deberá achegarse o documento orixinal.

2.- Se se constituíe a garantía mediante seguro de caución, celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo, deberá achegarse o orixinal do certificado do contrato.

En ambos os casos, deberá constar nos citados documentos o visado que acredite verificación da suficiencia previa do poder, efectuado pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

3.- Se se constituíe en valores de Débeda Pública, deberán achegarse os certificados de inmovilización dos valores anotados.

4.- En caso de constituírse en efectivo, deberá depositarse nas caixas provinciais de depósitos, establecidas nas delegacións provinciais da consellería competente en materia de Facenda.





Cando así se prevexa no CCC, a acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

No caso de unións temporais, as garantías provisionais poderán constituírse por unha ou varias das empresas que concorran agrupadas, sempre que en conxunto se alcance a contía requirida e garanta solidariamente a todas as persoas integrantes da unión temporal.

A garantía provisional responderá do mantemento das ofertas das persoas licitadoras ata a perfección do contrato. Para a persoa licitadora que resulte adxudicataria, a garantía responderá tamén o cumprimento das obrigacións establecidas na cláusula 10.7.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta ás persoas licitadoras inmediatamente despois da perfección do contrato. En todo caso, a garantía provisional devolverase á persoa licitadora seleccionada como adxudicataria cando constituíse a garantía definitiva, podendo aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última.

Se algunha persoa candidata ou licitadora retira a súa proposición inxustificadamente antes da adxudicación, procederase á incautación da garantía provisional. Se non se constituíu garantía provisional, a Administración procederá a esixirlle o importe do 3 % do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

No caso de ofertas consideradas anormalmente baixas, a falta de contestación á solicitude de información a que se refire o artigo 149.4 da LCSP, ou o recoñecemento por parte da persoa licitadora de que a súa proposición presenta erros ou inconsistencias que a fagan inviable, terán a consideración de retirada inxustificada da proposición.

Declaración de confidencialidade

De conformidade co establecido na cláusula 9, as persoas licitadoras poderán presentar unha declaración, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais. O modelo para a devandita declaración atópase no anexo correspondente deste prego.

Unións temporais

As persoas empresarias que concorran á licitación agrupadas en unións temporais deberán presentar unha declaración de compromiso de constitución en unión temporal, conforme ao modelo establecido en anexo a este prego, e indicar os nomes e circunstancias das que a subscriben, a porcentaxe de participación de cada unha delas, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarias do contrato e designarán a persoa ou persoas que durante a vixencia do contrato terán a plena representación de todas ante a Administración.

Declaración de datos para as notificacións electrónicas

As persoas licitadoras presentarán unha declaración na que designarán a persoa autorizada para recibir as notificacións electrónicas derivadas deste procedemento de contratación. A dita declaración realízase no Anexo II.

Declaración sobre subcontratación





No caso de que no CCC se sinalase que as persoas licitadoras indiquen a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, deberán presentar unha declaración respecto diso sinalando o importe e o nome ou o perfil empresarial das persoas subcontratistas ás que se vaia a encomendar a súa realización.

Toda a documentación presentárase perfectamente clasificada por apartados e seguirá a estrutura precedente.

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

9.2.2. Arquivo electrónico Sobre n.º 2: documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante un xuízo de valor. [*De ser esixido segundo no procedemento de licitación concreto de que se trate].

Neste arquivo incluírase a documentación especificada no anexo correspondente do presente prego acompañada, se é o caso, da declaración de confidencialidade segundo o modelo do anexo procedente. Deberá conter por tanto a documentación acreditativa das circunstancias para ter en conta na valoración do procedemento aberto, de acordo cos criterios da súa adxudicación.

Así mesmo, entre a documentación que integra o sobre n.º 2 en primeiro lugar, deberá incluírse un índice que relacionará cada un dos documentos que integran o citado sobre debendo estar todos e cada un deles convenientemente asinados.

Se no Arquivo electrónico Sobre B figurase a documentación correspondente ao contido do sobre C, o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 139.2 do LCSP.

Arquivo electrónico Sobre n.º 2: documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante un xuízo de valor:

- Unha relación de tódolos documentos incluídos no arquivo (índice)
- Título do contrato.
- Referencia completa do expediente, segundo consta no anuncio de licitación.
- Licitador: nome e CIF.
- Persoa representante.
- Domicilio social.
- Número de teléfono, de fax e de correo electrónico para os efectos de comunicacións.
- Número de lotes aos que licita, se fose o caso de existencia de licitación por lotes.
- Número de fax.
- Enderezo de correo electrónico.
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Data e sinatura.





Toda a documentación das proposicións presentadas deberá vir en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a unha destas linguas.

9.2.3. Arquivo electrónico Sobre n.º 3: documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de fórmulas.

Como primeiro documento consignarase o seguinte:

Arquivo electrónico Sobre n.º 3: documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de fórmulas.

- Unha relación de tódolos documentos incluídos no arquivo (índice)
- Título do contrato.
- Referencia completa do expediente, segundo consta no anuncio de licitación.
- Licitador: nome e CIF.
- Persoa representante.
- Domicilio social.
- Número de teléfono, de fax e de correo electrónico para os efectos de comunicacións.
- Número de lotes aos que licita, se fose do caso de existencia de licitación por lotes.
- Número de fax.
- Enderezo de correo electrónico.
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Data e sinatura.

Neste arquivo electrónico-sobre incluírase a documentación indicada no anexo correspondente do presente prego entre a que deberá atoparse, en todo caso, a proposición económica, en orde á aplicación dos criterios de adxudicación especificados neste prego.

Así mesmo, incluírase, se é o caso, a declaración de confidencialidade segundo modelo do anexo correspondente deste prego.

A proposición económica presentarase escrita por medios mecánicos e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borróns que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo da Administración.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía que o orzamento base de licitación que figura no cadro de características do contrato e no anuncio de licitación, de tal maneira que nin a dita cantidade, que é sen IVE, nin a partida correspondente ao IVE, nin o sumatorio de ambas poderán exceder dos importes sinalados no cadro de características do contrato e anuncio citados.

Cada licitador poderá presentar só unha proposición económica referida á totalidade dos servizos ou traballos obxecto do contrato, admitíndose que poida comprender unha solución variante se así se determinase no cadro de características.

O empresario licitador en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar unha proposición individualmente, nin figurar en máis dunha unión de





empresarios participante na licitación. O incumprimento da devandita obrigación supoñerá a non admisión de todas as ofertas por este subscritas.

En canto ao rexeitamento de proposicións estarase ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

No caso de existir discordancia entre a cantidade ofertada e consignada en cifra e a cantidade indicada en letra, prevalecerá a cantidade expresada en letra.

10. Selección da persoa contratista, adxudicación e formalización

10.1. Recepción de documentación

Terminado o prazo de recepción de proposicións, procederase á constitución e funcionamento da Unidade Técnica e á publicación da súa composición no perfil de contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se celebrará para a apertura do arquivo electrónico sobre n.º 1.

10.2. Constitución e funcionamento da mesa

De conformidade co disposto no artigo 326.1 da LCSP, o órgano de contratación non estará asistido para a adxudicación do contrato por unha mesa de contratación.

A unidade técnica encargada de auxiliar ao órgano de contratación na valoración das ofertas, conforme ao establecido no artigo 159.6.d) da LCSP será o Departamento de Xestión Económica e Réxime Interno. Polo que atinxe á verificación da documentación administrativa o órgano de contratación estará asistido pola Asesoría Xurídica-Secretaría Xeral.

10.2.1 Apertura do Arquivo electrónico Sobre n.º 1: Documentación administrativa (artigo 159 LCSP)

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a unidade técnica constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos esixidos.

A mesa procederá a apertura do “*Arquivo electrónico A: Documentación administrativa*” de cada unha das ofertas presentadas, onde levarán a cabo as seguintes accións:

- Visualización dos datos do licitador e acceso ao rexistro de contratistas.
- Verificación da sinatura electrónica da documentación presentada.
- Apertura da documentación contida no “*Arquivo electrónico A*”.
- Cualificación desta pola mesa (admisión, emenda ou exclusión).

Se a Unidade Técnica (Asesoría Xurídica-Secretaría Xeral) observa erros ou omisións emendables, concederá un prazo non superior a tres días para emendalos. Para estes efectos notificarase pola plataforma Notific@ - dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta ao dispor da notificación á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na oferta, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se fagan públicas a través do perfil de contratante.

Unha vez finalizado o proceso sinalado, procederase a redactar e asinar a correspondente acta da reunión.





Os licitadores poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme á lexislación nacional, no caso de que incorran en información ou declaracións falsas.

A unidade, unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamento expreso sobre as admitidas á licitación e as rexeitadas indicando neste caso as causas do seu rexeitamento.

10.2.2. Apertura do Arquivo electrónico Sobre nº 2: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante un xuízo de valor. [Non procede].

10.2.3. Apertura do Arquivo electrónico Sobre nº 3: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de fórmulas

Unha vez valoradas as ofertas técnicas de selo caso, a Unidade Técnica (Departamento de Xestión Económica e Réxime Interno), procederá a celebrar o acto público de apertura dos sobres C de proposicións económicas e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas, no lugar e día que previamente se sinalou mediante a súa publicación no perfil do contratante, dos que tivesen o mínimo de puntuación técnica requirido, cando así se estableza no cadro de características.

Procederáse á lectura ás puntuacións obtidas por cada licitador en relación cos aspectos das súas proposicións non cuantificables mediante aplicación de fórmulas matemáticas, contidas nos arquivos-sobre nº 2 e, de ser o caso, das ofertas rexeitadas, así como a causa do seu rexeitamento.

Concluído o acto, analizarase a documentación achegada en relación cos criterios de valoración mediante a aplicación de fórmulas, escalas ou porcentaxes.

As ofertas presentadas no sistema de licitación electrónica (SILEX) están cifradas e fragmentadas e necesitan a concorrencia dun número mínimo de certificados electrónicos dos membros da mesa, previamente determinados.

No proceso de apertura levarán a cabo as seguintes accións.

- Apertura das ofertas: realizarase ante os asistentes ao acto público o descifrado e desfragmentación das ofertas presentadas no SILEX. Para isto é necesario a concorrencia de 3 certificados electrónicos válidos dos membros da Mesa de Contratación, que unha vez identificados polo sistema procede a recompoñer as ofertas e posibilita a súa visualización.

No Cadro de Características do Contrato incluíranse os parámetros obxectivos que permitan identificar os casos nos que unha oferta considérese anormalmente baixa. En tal caso deberase darlle audiencia á persoa licitadora para que xustifique a viabilidade da súa oferta de acordo co establecido no artigo 149 da LCSP, e solicitar o asesoramento técnico do servizo correspondente. A unidade técnica avaliará toda a información e documentación proporcionada pola persoa licitadora en prazo e elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ao órgano de contratación. Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada pola persoa licitadora e os informes técnicos, estimase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos pola persoa licitadora e





que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación prevista no apartado seguinte.

En xeral rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipótese ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica, ou porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

De acordo co establecido no artigo 157.5 da LCSP, a unidade técnica antes de formular a súa proposta de adxudicación poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

A unidade de asistencia constituída para o efecto, despois da análise das circunstancias que deban terse en conta na adxudicación do contrato elevará, xunto coa acta, a proposta que considere a mellor oferta a cal incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares ao órgano de contratación, que efectuará a adxudicación do contrato.

En todo caso, os licitadores poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

En cumprimento do establecido nos artigos 132.3 e 150.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a mesa ou na súa falta o órgano de contratación, cando tivesen indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, trasladarano á Comisión de Competencia de Galicia ou, se é o caso, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, dependendo de se o territorio afectado pola práctica fose estatal ou autonómico.

En particular comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación de modo que poida constituír infracción da lexislación de defensa da competencia.

A remisión dos devanditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión a realiza a mesa de contratación dará conta ao órgano de contratación.

10.3. Comisión técnica

Se é o caso, poderá ser designada unha comisión técnica de apoio á Mesa de Contratación, encargada de elaborar os correspondentes informes técnicos en relación coa documentación contida no sobre relativo á documentación técnica para a selección de licitadores candidatos.





Así mesmo, a Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, quantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Tamén se poderán requirir informes ás organizacións sociais de usuarios destinatarios da prestación, ás organizacións representativas do ámbito de actividade ao que corresponda o obxecto do contrato, ás organizacións sindicais, ás organizacións que defendan a igualdade de xénero e a outras organizacións para a verificación das consideracións sociais e ambientais.

10.4. Clasificación das proposicións. Criterios de desempate en caso de igualdade (en defecto dos específicos que se poidan fixar no CCC)

Agás outros que se indiquen no CCC da licitación específica de que se trate. Se varias empresas licitadoras empatan tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato, resolverase atendendo ós seguintes criterios, atendidos de xeito sucesivo e referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

1. Número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta do 8/4/2010 así como o previsto no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.
2. Empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes poderase acreditar por algún destes medios:
 - a) Acreditación de certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
 - b) Acreditación da obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
 - c) Acreditación da adopción das medidas de conciliación previstas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (concretar estas medidas).
3. De continuar o empate, terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite ter no seu cadro de persoal maior número de traballadores/as.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

10.5. Documentación previa á adxudicación

1. Unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, de acordo ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, o órgano de contratación requiriralle ao licitador que





presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que se recibiu o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Os documentos que acrediten a personalidade, que serán os seguintes:

- Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de fotocopia compulsada do documento nacional de identidade (ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa do alta no imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresarase as circunstancias empresariais e o domicilio para o efecto de notificacións.
- Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do código de identificación fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.

A personalidade dos empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, que se indican no Anexo do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel a subministración de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea que non estean clasificados, deberán probar a solvencia que sería necesaria para obter a clasificación esixida polo prego. Para estes efectos poderán presentar:

- O certificado comunitario de clasificación, acompañado da documentación complementaria que fose precisa (artigo 97 da LCSP).
- A documentación acreditativa da solvencia conforme ao artigo 86 da LCSP.
- A capacidade das empresas estranxeiras de estados non membros da Unión Europea acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de orixe da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP en forma substancialmente análoga.

b) Os documentos que acrediten a representación, que son os seguintes:

- Se o licitador fose un empresario individual achegarse copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.





- Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduxa a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro mercantil, ou se é o caso no rexistro público que corresponda.
- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuase en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

c) Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica ou profesional ou da clasificación, de conformidade co establecido nos anexos correspondentes do prego.

d) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

e) Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao amparo dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

f) Certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída ningunha débeda coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pago das súas obrigacións tributarias.

h) Orixinal ou copia auténtica ou compulsada da alta no imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei, xunto cunha copia da declaración do imposto de sociedades onde conste a cifra de negocios do penúltimo ano anterior ao pagamento do imposto, coa excepción das persoas físicas.

i) Xustificante de depositar, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, a garantía definitiva polo importe sinalado no cadro de características, en calquera das modalidades legalmente previstas.





En virtude do establecido na Orde do 23 de maio de 2008, pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución, empregando medios electrónicos (DOG n.º 115, do 16 de xuño de 2008), as persoas ou entidades que precisen constituír unha garantía en documento de aval na Caixa Xeral de Depósitos poderán empregar o procedemento telemático que se regula na citada orde.

j) Se é o caso, xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do/s anuncio/s de licitación no BOE/BOE e/ou no DOG, de conformidade co sinalado no cadro de características. Os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, dos anuncios da presente licitación, tanto nos correspondentes boletíns oficiais como, se é o caso, en prensa serán de conta do adxudicatario do contrato, sen que se lle poida imputar á Administración contratante ningún pago por tal concepto. No suposto de existir varios adxudicatarios, os gastos por este concepto serán distribuídos en proporción á contía do adxudicado a cada un.

k) Proba da efectiva disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato que lle requira o órgano de contratación, se é o caso..

Os certificados esixidos nas letras e), f) e g) poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da LCSP, as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.

Os licitadores que se atopen inscritos, se é o caso, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou que presenten un certificado comunitario ou documento similar de inscrición de conformidade co establecido no artigo 97 da LCSP, non estarán obrigados a presentar a documentación das circunstancias de aptitude para contratar que xa aparezan acreditadas e actualizadas nos devanditos rexistros (personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste), e deberán presentar unicamente a certificación emitida polo Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou certificado comunitario de inscrición. No caso das certificacións correspondentes a licitadores rexistrados no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia serán postas de manifesto de oficio no procedemento mediante a súa expedición electrónica.

En todo caso, o licitador proposto como adxudicatario deberá presentar unha declaración responsable de que as circunstancias da entidade que figuran no rexistro correspondente son exactas e non experimentaron variación. Así mesmo, despois de recibir a documentación a que se refire esta cláusula a mesa elaborará un informe sobre a validez da citada documentación.

Despois do exame da documentación a que se refire o parágrafo anterior se a mesa entende que a dita documentación ten defectos emendables, comunicarao á empresa proposta como adxudicataria e concederalle tres días naturais para a emenda dos devanditos defectos. Se transcorrido o devandito prazo o erro non fose emendado, a oferta correspondente resultará excluída da licitación, procedéndose nese caso para solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas (150.2 LCSP).





Transcorrido o prazo outorgado para acreditar ante o órgano de contratación a posesión e validez dos documentos esixidos nesta cláusula, sen que a persoa proposta como adxudicataria cumprise o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

Se a retirada da oferta trae a súa causa en incorrer en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos conforme ao artigo 141 da LCSP, prevista na cláusula 3.5.1 deste prego de cláusulas administrativas particulares, o órgano de contratación iniciará o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición de contratar regulada no artigo 71.1 e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que á administración lle puidese corresponder.

Finalmente, producida a retirada da oferta por parte da persoa proposta como adxudicataria, a Administración efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que sexa posible e que o novo adxudicatario presente a súa conformidade. Seguidamente, procederase, de novo, de acordo co establecido na presente cláusula.

l) Copia, en formato PDF/PDF, do contido do sobre B , de ser o caso..

m) Acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade e de xestión ambiental.

Nos casos en que así se sinala no CCC, as persoas licitadoras presentarán os certificados a que se refiren os artigos 93 e 94 da LCSP, relativos ao cumprimento pola persoa empresaria das normas de garantía da calidade, así como das normas de xestión ambiental.

Recoñeceranse os certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea e tamén se aceptarán outras probas de medidas equivalentes de garantía da calidade e de xestión ambiental que presente a persoa licitadora, e, en particular, unha descrición das medidas de xestión ambiental executadas, sempre que a persoa licitadora demostre que as ditas medidas son equivalentes ás esixidas de acordo co sistema ou norma de xestión ambiental aplicable.

n) Garantía definitiva [De ser esixida segundo o procedemento de licitación concreto de que se trate].

De acordo co artigo 107 da LCSP, os licitadores que presenten as mellores ofertas nas licitacións dos contratos que celebren as administracións públicas deberán constituír ao dispor do órgano de contratación unha garantía dun 5 por 100 do prezo final ofertado polo licitador/a que presentara a mellor oferta, IVE excluído, cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, e dun 5 por 100 do importe de adxudicación, IVE excluído, cando se determine en función de prezos aplicables a tanto alzado.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

O licitador que presentase a mellor oferta deberá acreditar no prazo sinalado no artigo 159.4.f.4º da LCSP a constitución da garantía. De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta,





procedéndose neste caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 110 LCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 111 LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP, no que non se opoña á LCSP.

No caso de que se estableza o sistema de garantía complementaria do artigo 107.2 da LCSP, farase constar no cadro de características que se inclúe ao comezo deste prego.

A Administración, aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades das que facer fronte con cargo á garantía definitiva, procederá de oficio á devolución desta mediante acordo que deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

A constitución desta garantía acreditarase por resgardo acreditativo da constitución, na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia, de garantía dun 5 % do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, ao dispor do órgano de contratación, salvo que no CCC se dispuxese eximir da obrigación de constituír garantía definitiva.

Cando así se prevexa no CCC, a garantía que eventualmente deba prestarse poderá constituírse mediante retención no prezo na forma e condicións previstas en devandito anexo.

A persoa adxudicataria poderá aplicar, nos casos en que se esixiu, o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, nese caso a garantía provisional extinguirase e devolverase simultaneamente á constitución da definitiva.

Ademais, cando así se indique no CCC e de conformidade co artigo 107.2 da LCSP, poderase esixir unha garantía complementaria de ata un 5 por 100 do prezo final ofertado, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do citado prezo.

Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía para constituír fixarase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía definitiva as penalidades ou indemnizacións esixibles á persoa contratista, este deberá repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique á persoa empresaria o acordo de modificación.

A devolución ou cancelación da garantía definitiva realizarase unha vez producido o vencemento do prazo de garantía sinalado no CCC, e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa da persoa contratista.

No suposto de recepción parcial só poderá a persoa contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no CCC.





3. O órgano de contratación trasladará a documentación presentada á mesa de contratación para o seu exame

Se a persoa licitadora non presenta a documentación, a Mesa de Contratación procederá á súa exclusión do procedemento de adxudicación.

Se a persoa licitadora presenta a documentación e a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións emendables nesta, notificarao de acordo co establecido na cláusula 7.2 do presente prego e comunicarao a través do perfil de contratante do órgano de contratación, á persoa licitadora concedéndolle un prazo de tres días naturais para que os corrixa ou emende. Se no prazo concedido non procede á corrección da documentación, será excluída do procedemento de adxudicación.

Se neste momento a empresa presentase a solicitude de clasificación como forma de acreditación da solvencia requirida, outorgaráselle un prazo de corrección. Esta só poderá ser admitida se xustificase o estar en posesión da clasificación esixida antes da data final de presentación de ofertas.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, de conformidade co previsto no artigo 150.2 do citado texto legal.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación á licitadora seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, e así se procederá sucesivamente ata que se presente correctamente a documentación esixida.

10.6. Adxudicación do contrato

Unha vez comprobada que a documentación requirida á persoa licitadora que presentou a mellor oferta é correcta, o órgano de contratación adxudicaralle o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes.

De acordo co artigo 151 da LCSP, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, e deberá ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lles permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación e entre ela, en todo caso, deberá figurar a seguinte:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas. Para estes efectos, a adxudicación conterà a puntuación obtida por cada un dos licitadores desagregada.





En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación deberá motivar a súa decisión.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Cando o único criterio que se deba considerar para seleccionar a persoa adxudicataria do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa este o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, salvo que se indique outro no CCC.

Os prazos indicados nos parágrafos anteriores ampliáranse en quince días hábiles cando se identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, de conformidade co establecido no artigo 149.4 da LCSP.

Se a proposición se contivese en máis dun sobre, de tal forma que estes deban abrirse en varios actos independentes, o prazo anterior computarase desde o primeiro acto de apertura do sobre que conteña unha parte da proposición.

10.7. Devolución da documentación

A documentación que se adxunta ás proposicións quedará ao dispor dos licitadores que non resulten adxudicatarios, unha vez adxudicado e formalizado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición dos correspondentes recursos, excepto as proposicións económicas e demais documentación que se considere conveniente que conste no expediente.

A documentación citada no parágrafo anterior só se devolverá logo da petición das empresas licitadoras e realizarase á súa conta; no caso de que non se solicite a súa devolución polos licitadores, dentro dos dous meses seguintes á adxudicación do contrato, considerarase que os devanditos licitadores autorizan a súa destrución nas condicións e na forma sinaladas nesta cláusula de modo que Portos de Galicia non estará obrigado nin será responsable da súa custodia e conservación e procederá no momento que corresponda á súa destrución sen máis trámite. No proceso de destrución da documentación garantirase a confidencialidade da información contida na documentación e a utilización do método e da tecnoloxía máis idóneas que imposibilite a reconstrución dos documentos e a recuperación de calquera información contida neles.

10.8. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación pola Administración

De acordo co artigo 152 da LCSP, o órgano de contratación poderá, sempre antes de proceder á formalización, decidir non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento de adxudicación en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de





preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. En ambos os casos, compensaranse as persoas candidatas ou licitadoras na cantidade que, se é o caso, indique no CCC.

No caso de que non se estableza cantidade, para o cálculo da compensación utilizaranse os criterios de valoración empregados para a responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

A decisión de desistir do procedemento de adxudicación ou de non adxudicar o contrato para o cal se efectuou a correspondente convocatoria, notificarase aos candidatos ou licitadores, informando tamén á Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no *Diario Oficial da Unión Europea*.

10.9. Réxime das notificacións no procedemento

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da LCSP, a práctica das notificacións e comunicacións derivadas da tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos realizarase por medios exclusivamente electrónicos.

Como consecuencia do anterior, as notificacións e comunicacións neste procedemento de contratación practicaranse exclusivamente de forma electrónica a través da plataforma Notific@ - dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Os interesados poden obter máis información acerca dos requisitos de acceso ao sistema no seguinte enderezo web: <http://www.xunta.gal/notifica>

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición da notificación de conformidade co indicado na plataforma Notific@

Os licitadores deberán darse de alta no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia-Notifica.gal indicando un enderezo de correo electrónico. Así mesmo, os licitadores facilitarán ao órgano de contratación o dito enderezo de correo electrónico ao presentar as súas proposicións. Este dato empregarase para que a plataforma Notific@ lle envíe os avisos de posta ao dispor das notificacións e comunicacións que se lle practiquen. No caso de non dispoñer da citada información, practicaranse as notificacións sen poder realizar ningún aviso. De conformidade co disposto no artigo 41.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Calquera notificación ou comunicación realizada neste procedemento a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia- Notifica.gal entenderase rexeitada cando transcorresen cinco días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido. Neste suposto terase por efectuado o trámite e continuarase o procedemento.

10.10. Formalización do contrato. Publicidade da formalización

Antes da formalización do contrato, logo da fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención, se é o caso, a persoa adxudicataria deberá acreditar aboar o importe total dos anuncios de licitación e/ou o da publicación noutros medios de difusión, que se é o caso o órgano de contratación considerase necesario publicar, dentro dos límites máximos de posible repercusión establecidos no CCC. Así mesmo, no caso de que a adxudicataria sexa unha unión temporal, deberá achegar a escritura pública de formalización desta, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.





O contrato perfecciónase coa súa formalización e salvo que se indique outra cousa no seu clausulado entenderase celebrado no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. A persoa contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e correrán do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Cando o contrato sexa susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran os quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, conforme ao previsto na cláusula 10.11 deste prego ás empresas licitadoras ou candidatas. Transcorrido este prazo sen que se interpusese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou desde que se dite resolución co levantamento da suspensión do acto de adxudicación, os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán á persoa adxudicataria para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación ás persoas licitadoras e candidatas na forma prevista no artigo 151.2 da LCSP e de conformidade ao previsto na cláusula 10.11 deste prego.

No caso dos procedementos ordinarios supersimplificados, tal e como establece o artigo 159.6 g) a formalización do contrato poderá efectuarse mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución da adxudicación.

Cando por causas imputables á persoa adxudicataria non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo da aplicación da prohibición de contratar prevista no artigo 71.2, b) da LCSP.

Neste caso, o contrato adxudicarase á seguinte persoa licitadora pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, logo da presentación da documentación previa á adxudicación establecida na cláusula 10.5 do presente prego.

Simultaneamente coa sinatura do contrato, deberá ser asinado pola adxudicataria o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e demais documentos integrantes do contrato.

A formalización do contrato, xunto co correspondente documento do contrato, publicarse no perfil de contratante do órgano de contratación nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato. Cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada, o anuncio de formalización deberá publicarse, ademais, previamente, no *Diario Oficial da Unión Europea*. O órgano de contratación enviará o anuncio de formalización ao *Diario Oficial da Unión Europea* como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato.





Conforme ao artigo 39 da LCSP, os contratos suxeitos a regulación harmonizada serán nulos cando o contrato se adxudicase sen cumprir previamente co requisito de publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ou nos servizos de información similares das comunidades autónomas, no DOUE ou no medio de publicidade que sexa preceptivo.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

Non poderá procederse á execución do contrato con carácter previo á súa formalización, salvo na tramitación de emerxencia prevista no artigo 120 da LCSP.

O contratista, sen prexuízo das facultades que asisten á dirección do contrato nomeada por Portos de Galicia, será responsable da organización do contrato, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que se deduzan para esta entidade portuaria, para calquera organismo ou entidade integrante do sector público ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas para a execución do contrato. Así mesmo, e se é o caso, calquera modificación ou adición do persoal adscrito ao contrato efectuada polo contratista durante o transcurso dos traballos deberá ser previamente aprobada pola dirección do contrato, tendo en conta que as circunstancias profesionais do persoal substituto deberán ser equivalentes ás do persoal substituído.

11. Persoa responsable do contrato

O órgano de contratación deberá designar unha persoa responsable do contrato á que lle corresponderá coordinar, supervisar e controlar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. A persoa responsable do contrato, que será para todos os efectos a responsable da Administración fronte á persoa contratista, poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a el, e será o/a indicada no apartado: Responsable do contrato do Cadro de Características do Contrato.

O nomeamento será comunicado por escrito á persoa contratista no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato e, se é o caso, a súa substitución en idéntico prazo, desde a data en que se produciu.

A persoa responsable e o seu persoal colaborador, acompañados pola persoa delegada da persoa contratista, terán libre acceso aos lugares onde se realice o servizo.

A persoa contratista, sen ningún custo adicional, facilitaralle á Administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

12. Execución do contrato

12.1. Condicións de execución

A execución do contrato realizarase a risco e ventura da persoa contratista.

O contrato executarase con suxeición ao establecido na súa clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista a persoa responsable do contrato. No caso de que fose necesario que a prestación se executase en





forma distinta á pactada inicialmente, deberá procederse á resolución do contrato nos termos establecidos na cláusula 23.2 do presente prego.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

A persoa contratista estará obrigada a presentar un programa de traballo, cando así se especifique no CCC e co contido que neste se indique no prego de prescricións técnicas particulares, que será aprobado polo órgano de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 67.7 e 198 do RXLCAP.

A persoa contratista non poderá substituír o persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización da persoa responsable do contrato.

12.2. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde (En defecto dos específicos que se poidan fixar no CCC)

De ser procedente segundo a natureza e carácter harmonizado ou non do contrato, no CCC indicaranse as condicións especiais de execución do contrato, de carácter económico, relacionadas coa innovación, de tipo ambiental, social ou relativas ao emprego, das que polo menos unha será das enumeradas no apartado 2 do artigo 202 das LCSP, debendo estar todas elas vinculadas ao obxecto do contrato, non ser discriminatorias e ser compatibles co dereito comunitario, así como as penalidades polo seu incumprimento, conforme ao previsto no artigo 192.1 da LCSP, ou se se lles atribúe o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 da citada lei.

Cando o incumprimento destas condicións especiais non se tipifique como causa de resolución do contrato, indicarse no CCC se este poderá ser considerado como infracción grave para os efectos establecidos na letra c) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP.

Todas as condicións especiais de execución serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do contrato.

12.3. Programa de traballo (se procede)

O programa de traballo ofertado polo adxudicatario entenderase incorporado ao contrato para todos os efectos, salvo que o órgano de contratación lle requirise a presentación, nun prazo de 15 días, dun novo programa de traballo no cal se incluírán todos os extremos que se indican a continuación:

- a) Fixación dos traballos que integran o estudo ou servizo e, se é o caso, das operacións máis importantes constitutivas destes.
- b) Determinación do equipo e medios que se van empregar no desenvolvemento do estudo ou servizo.
- c) Estimación en períodos calendario dos prazos parciais de elaboración dos diversos traballos. Para estes efectos utilizaranse como unidades de tempo a semana e o mes, salvo indicación en contrario do prego de prescricións técnicas.
- d) Valoración mensual e acumulada dos traballos programados sobre a base dos prezos de adxudicación.





O director do traballo poderá acordar non darlles curso ás certificacións do traballo realizado ata que o contratista presente o programa de traballo.

Na aprobación do programa de traballo poderanse introducir as oportunas adaptacións para axustarse ao importe de adxudicación, as súas anualidades se é o caso, así como ás datas de formalización, sempre que non sexan contrarias á documentación contractual.

Aprobado o programa de traballo entenderase incorporado ao contrato, practicándose, de ser o caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

En calquera caso, o programa de traballo poderá ser modificado nos casos seguintes:

- a) Cando se modifique o contrato de conformidade cos artigos 203 e seguintes da LCSP.
- b) A instancia do contratista, co fin de desenvolver os traballos con maior celeridade da prevista no programa de traballos aprobado, e conte coa previa conformidade da dirección do contrato e sexa aprobada polo órgano de contratación en función das dispoñibilidades orzamentarias.
- c) Por atrasos en execución do contrato por causas non imputables ao contratista que fagan necesario un reaxuste de anualidades e/ou unha ampliación do prazo total fixado para o seu desenvolvemento, así como cando se levante a suspensión da execución do contrato acordada polo órgano de contratación.
- d) Calquera outra causa recollida na LCSP e nos seus regulamentos de desenvolvemento que afecte o plan de traballo.

Accesibilidade e supresión de barreiras: deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 41, do 29 de febreiro), así como darlle cumprimento ao disposto na Lei 10/2014, de 3 decembro de accesibilidade e a demais lexislación vixente nesta materia.

13. Dereitos e deberes das partes

13.1. Dirección dos traballos e responsable do contrato

A empresa contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 311 da LCSP.

A Administración, a través da dirección dos traballos, levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización do traballo executado, e axustarase ao establecido no artigo 94 do RXLCAP e ao disposto nas cláusulas 5 e 21 do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos, aprobado por Orde do 8 de marzo de 1972 (BOE/BOE do 30 de marzo).

Segundo establece o artigo 62 da LCSP, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O





responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente, organismo ou entidade contratante ou allea a el.

13.2. Aboamentos ao contratista

O importe dos servizos realizados xustificarase por medio de certificacións, segundo o sistema de determinación de prezo establecido no cadro de características e detallado no prego de prescricións técnicas particulares, tomando como base a valoración dos traballos realizados no período correspondente, nos termos do artigo 199 RXLCAP.

Para os efectos do pago, a Administración terá o deber de aboar o prezo dentro do prazo que se sinala no artigo 198.4 da LCSP, coas consideracións que recolle a disposición adicional trixésimo segunda da lei. Para estes efectos a Consellería de Facenda é o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, en virtude do disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, correspondendo a Portos de Galicia a xestión do sistema de contabilidade, que actuará como órgano de contratación e destinatario das correspondentes facturas.

Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na liquidación do contrato e sen supoñer de ningún xeito aprobación e recepción do contrato.

Nos supostos nos que a Administración se demore no pago estarase ao disposto no artigo 198.4 da LCSP, tendo en conta que o interese de mora calcularase sobre o importe da obrigación pecuniaria principal, excluído o IVE e os demais tributos, taxas e impostos que graven a operación.

De conformidade co disposto no artigo 200 RXLCAP admitiranse as valoracións parciais por traballos efectuados antes de que se produza a entrega parcial destes, cando así estea previsto no cadro de características.

O contratista poderá desenvolver o contrato con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección dos traballos, existisen razóns para estimalo inconveniente.

Con todo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Por tanto, os dereitos que o artigo 198 da LCSP e a cláusula 38 do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos concédennlle ao contratista, non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pago, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Poderanse verificar aboamentos a conta, logo da petición do contratista, por operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste, nas condicións sinaladas no artigo 201 RXLCAP, concretándose no prego de prescricións técnicas os extremos enumerados no parágrafo 2 do artigo citado.

No que se refire á transmisión dos dereitos de cobranza estarase ao disposto no artigo 200 da LCSP.

13.3. Facturación electrónica





Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, que aproba o Regulamento sobre as obrigacións de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) n.º 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

O acceso ao Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia, regulado na Orde do 12 de febreiro de 2010 (DOG n.º 31, do 16 de febreiro), e á información sobre este será a través do seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

14.- Obrigacións do contratista

14.1. Obrigacións laborais e sociais

O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e obrigacións inherentes á súa calidade de empregador respecto deles. Concretamente, está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo, e a Administración contratante será de todo allea ás devanditas relacións laborais.

En ningún caso o outorgamento do contrato supoñerá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista.

Cando se extinga o contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto deste como persoal da Xunta de Galicia.

14.2. Autorizacións e licenzas

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolta. En especial, contará coas cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar a Administración polos danos e perdas que se lle causen por tal concepto.

14.3. Execución do contrato e responsabilidade do contratista

O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ao contratista a Administración a través do director ou do responsable.





A execución realizarase polo contratista coas responsabilidades establecidas no artigo 311 da LCSP en relación co artigo 203 do RXLCAP.

No caso de servizos consistentes na elaboración íntegra dun proxecto de obra estarase ao disposto no artigo 314 da LPCSP para a corrección de erros e corrección de deficiencias e ao disposto no artigo 315 para as indemnizacións por desviacións na execución de obras por defectos ou erros de proxectos.

O contratista estará obrigado a comunicar a información que lle solicite a Administración nos aspectos relacionados coa execución dos traballos e, en especial, no recollido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno cando sexa de aplicación.

14.4.- Condicións especiais de execución [De ser o caso, en defecto dos específicos que se poidan fixar no CCC]

Para os efectos do artigo 202 da LCSP terán a consideración de condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

1.- Adscripción de medios

O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos á execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán á disposición todos aqueles medios persoais e materiais que fosen recollidos na súa oferta (ou substituídos por outros equivalentes coa conformidade da dirección do contrato, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, os medios comprometidos, de ser o caso, recollidos no cadro de características ou no anexo específico deste prego, de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.

2.- Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais

Antes da sinatura do contrato e durante o prazo de execución, o contratista deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil pola suma asegurada do valor estimado do contrato.

Cando o adxudicatario sexa unha UTE o seguro será subscrito pola UTE ou por todas as empresas que a compoñan e, en ambos os casos, pola totalidade do importe esixido anteriormente.

Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato do seguro de responsabilidade civil que xa concertase a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada esixida e así se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

3.- Obrigacións de carácter social e laboral

O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:

O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación segundo o caso. Especialmente, e cando cumpra por estar recollido en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigación de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.





Executar o servizo e cumprir estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción das devanditas normas, entenderase incumprido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución do servizo e durante a súa vixencia, impuxéronse pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de conformidade co establecido na cláusula 22.

4.- Obrigacións de carácter ambiental

O adxudicatario executará o contrato cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción das devanditas normas, entenderase incumprido de maneira neste contrato cando con ocasión da execución do servizo e durante a vixencia do contrato, se impuxeron pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección do medio ambiente. Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de conformidade co establecido na cláusula 22.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia veñan contempladas na súa oferta.

5.- Deberes en materia de subcontratación

O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguintes da LCSP.

Antes de subscribir o contrato, verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que contan coa capacidade e aptitude para executala e que non se atopan incursos en prohibición de contratar.

15. Gastos esixibles ao contratista

Son de conta do contratista os gastos que fixa a cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos, e calquera outros gastos necesarios para a realización do contrato. En especial serán de exclusiva conta do contratista a totalidade dos gastos e custos seguintes:

- Os gastos do anuncio ou anuncios de licitación, adxudicación e de formalización do contrato e dos demais anuncios que resulten necesarios efectuar.
- O importe máximo dos gastos de publicidade da licitación establecerase no cadro de características.





- Os gastos e custos de execución, directos ou indirectos, de calquera tipo que o contratista deba realizar para o normal desenvolvemento da execución da prestación obxecto do contrato como consecuencia do estrito cumprimento dos traballos e demais obrigacións, incluídas as de subscripción dos seguros que correspondan, recollidas no presente prego, prego de prescricións técnicas e demais disposicións de aplicación, así como os derivados de licenzas, autorizacións, concesións ou permisos oficiais (municipais, provinciais, autonómicos ou estatais) ou particulares que sexan necesarios.
- Os importes dos impostos, tributos, arbitrios, taxas, canons, licenzas e demais de calquera clase esixibles que poidan gravar de maneira directa ou indirecta a operación obxecto deste prego por razón do contrato e que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
- Os gastos de elevación do contrato a escritura pública se fose o caso, de devolución nos termos previstos neste prego da documentación achegada coa proposición e os demais gastos que se establezan no presente prego ou na documentación técnica que rexe o contrato.
- Os gastos derivados das medidas de información e comunicación dirixidas ao público e de publicidade en xeral sobre o inicio, desenvolvemento e final do contrato.

Estas actividades informativas, comunicativas e de publicidade terán lugar a través daqueles medios ou medidas de información, comunicación e publicidade que esixa a normativa comunitaria, nacional ou autonómica de aplicación, así como cando o considere conveniente o órgano de contratación, para o que neste último caso terase en consideración a natureza do obxecto do contrato e o importe do investimento, e sempre circunscritas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Cando concorran circunstancias que así o xustifiquen, o órgano de contratación poderá dispoñer ademais a ampliación da difusión a conta do contratista de determinados aspectos da execución do contrato mediante medios específicos.

Os importes máximos destes gastos serán como máximo de ata o 2 % do orzamento de adxudicación do contrato (IVE excluído), a maiores do que puidese ofertar o licitador na documentación presentada no sobre B.

- Cando cumpra, os gastos que fixa a cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos, e calquera outros gastos a que houbese lugar para a realización do contrato.

De estar a contratación cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o contratista estará obrigado ao cumprimento dos requisitos de información e publicidade que, en execución do contrato, se deriven do cofinanciamento europeo da actuación obxecto do presente prego e as ditas actividades de información e publicidade deberá levalas a cabo á súa conta de conformidade co previsto na normativa comunitaria de aplicación na materia.

A información achega do programa comunitario, do fondo europeo, da taxa de cofinanciamento en porcentaxe e dos demais datos que correspondan consideraranse integrados no texto do presente prego de contratación coa indicación expresa destes no correspondente cadro de características do contrato como parte inseparable deste prego, sen prexuízo da súa mención nos trámites que se consideren oportunos.





Así mesmo, en cumprimento dos deberes esixidos pola normativa comunitaria nas distintas actividades de información, publicidade e comunicación, o contratista deberá cumprir o previsto no Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello.

Especialmente o adxudicatario do contrato terá en conta, no correspondente anexo, as responsabilidades determinadas respecto da información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos europeos dispostas no apartado 2.2 relativo ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público e no Regulamento (UE) n.º 1301/2013 Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006; así como no que se dispoña na normativa de desenvolvemento e execución destes regulamentos como o previsto no Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

16. Propiedade e explotación dos traballos

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e son responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións a el imputables.

A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten ningunha limitación en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación e a Administración contratante non está obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria





pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato comporta a cesión á Administración contratante do dereito de uso dos devanditos produtos, e esta pode, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 da LCSP.

Todos os documentos que se elaboren e os traballos que se realicen para a execución do presente contrato, serán da exclusiva propiedade da Administración contratante.

O contratista non poderá facer uso do devandito material, nin publicar ou divulgar ou proporcionar a terceiros ningún dato ou documento procedente dos traballos de non mediar autorización expresa e por escrito da Administración propietaria, obrigándose a resarcir a esta polos prexuízos que se lle causen seguindo as prescricións do artigo 133 do LCSP.

A Administración contratante se reserva en exclusiva o dereito de explotación dos traballos encargados ao adxudicatario, ao que queda prohibido calquera tipo de explotación, excepto cando medie unha autorización do órgano de contratación e nos termos nos que se recolla no devandito título administrativo.

16. Deber de sixilo

O adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo respecto a os datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste, segundo dispón o artigo 112.2 do RXLCAP, sempre que non se contradiga co establecido no artigo 133.2 da LCSP. Así mesmo, estarase ao disposto neste artigo da LCSP con relación á confidencialidade da información obtida durante a execución do contrato.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, informacións e asuntos ou antecedentes aos que teña acceso, que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento do contrato.

Esta confidencialidade é extensible a calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura na documentación que rexe o contrato, nin tampouco ceder a outros nin sequera para os efectos de conservación.

A información recibida, así como a derivada da execución do contrato, non poderá ser obxecto de difusión, publicación ou utilización para fins diferentes dos establecidos no contrato.

O deber de confidencialidade continuará vixente, unha vez finalizado o contrato ou cando este fóra resolto.

17. Risco e ventura





O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do disposto no artigo 239 da LCSP para o suposto de forza maior.

18. Réxime de penalidades

18.1. Causas

A continuación, recóllense as causas para a imposición de penalidades á empresa adxudicataria:

1) Por incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais das distintas unidades de execución sinalados no programa de traballo aprobado.

Se chegado o final de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, de conformidade co previsto no artigo 193 e seguintes da LCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

2) Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento das condicións especiais de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

Como regra xeral, a súa contía será dun 1 % do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 3 % e ata o 5 %, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se imponha a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento das condicións especiais. Se transcorrido o citado prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo neste, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

3) Por cumprimento defectuoso

O órgano de contratación poderá imponer penalidades no suposto de cumprimento defectuoso da prestación por causas imputables ao contratista segundo os seguintes supostos:





a) O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato segundo o establecido na documentación que rexe o contrato, ou en termos diferentes dos contractuais, especialmente segundo o ofertado polo adxudicatario.

b) A non comunicación inmediata á dirección do contrato de incidentes que puidesen producirse durante o desenvolvemento da execución da prestación do contrato. Consideraranse de especial gravidade no momento de graduar a penalidade, entre outras, aquelas omisións de comunicacións de incidentes que impliquen paralización de traballos, prexuízos no desenvolvemento da prestación, danos a terceiros ou incidentes que sexan, pola súa natureza ou entidade, susceptibles de ocasionar as consecuencias negativas anteriores. Non será necesario neste caso específico, para iniciar o procedemento de imposición de penalidades, a intimación previa ao contratista por parte da Administración.

c) A desobediencia das ordes da dirección do contrato ou accións ou omisións do contratista que alteren de maneira notoria a regularidade da execución do contrato.

Como regra xeral, a súa contía será dun 1 % do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 3 % e ata o 5 %, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato. O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda á emenda do cumprimento defectuoso. Se transcorrido o citado prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo neste, persiste o incumprimento, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa.

4) Por incumprimento parcial do contrato

De acordo co establecido no artigo 192 da LCSP, cando o contratista incumprise, por causas imputables a este, as prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades.

Entenderase por incumprimento parcial a non realización de calquera das prestacións, actividades e/ou traballos recollidos no contrato e, especialmente, os recollidos na oferta presentada polo adxudicatario, sempre que non estean incluídas especificamente nalgúns dos apartados anteriores.

Como regra xeral, a súa contía será dun 1 % do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 3 % e ata o 5 %, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento do contrato. Se transcorrido o citado prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo neste, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.





5) Por incumprimento das obrigacións, requisitos e limitacións establecidas en materia de subcontratación.

No caso de que se verifiquen incumprimentos polo contratista de calquera das obrigacións, requisitos e limitacións dispostas en materia de subcontratación estarase ao réxime establecido no presente prego.

18.2.- Procedemento

Salvo nos casos indicados en que non se necesite intimación previa por parte da Administración, requirirase ao contratista o cumprimento inmediato das disposicións do contrato, previamente á incoación do procedemento de imposición de penalidades. No suposto de non atender ao requirimento ou de transcorrido o prazo nel establecido para regularizar a situación sen que tal regulación se leve a efecto, incoarase o procedemento de imposición de penalidades.

As penalidades que correspondan imponse por acordo do órgano de contratación, adoptada a proposta do responsable do contrato, dirección do contrato ou técnico correspondente, e serán inmediatamente executivas facéndose efectivas mediante a súa dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, se constituíu, cando non poida deducirse dos devanditos pagos.

En todo caso nos supostos en que non estea prevista unha penalidade ou en que estando prevista esta non cubrise os danos causados á Administración, esta esixiralle ao contratista a indemnización por danos e perdas.

A imposición das penalidades será proporcional á gravidade dos incumprimentos e para a súa gradación, que deberá ser motivada, valoraranse, ademais dos criterios sinalados de maneira concreta para algún dos supostos, circunstancias como as causas que orixinaron os incumprimentos, a intencionalidade do contratista e a súa disposición en orde á regularización da situación, os prexuízos xerados, a interferencia ou riscos que o incumprimento ocasione na execución da prestación do contrato, o feito de ser penalizado dentro do ámbito do contrato con anterioridade polas mesmas circunstancias ou por calquera outros feitos ou, circunstancias ou aspectos que poidan considerarse relevantes atendendo ao caso concreto.

En todo caso a gradación e, por tanto, a contía, da penalidade terá en conta, que non sexa inferior ao beneficio obtido polo contratista ao incorrer en calquera das causas polas que cabe a imposición das penalidades.

Por último, as contías de cada unha das penalidades impostas polas causas sinaladas no punto anterior a excepción do incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais e as establecidas en materia de subcontratación, non poderán ser superiores o 10 % do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total destas superar o 50 % do prezo o contrato.

19. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN [De ser o caso, en defecto dos específicos que se poidan fixar no CCC]

Dada a natureza deste contrato non se permite a cesión total nin parcial do contrato.





Debido ás especiais características deste contrato, o contratista soamente poderá subcontratar con terceiros aquelas prestacións accesorias que non supoñan o exercicio da actividade aseguradora obxecto deste contrato. A subcontratación axustarase ao disposto no artigo 215 da LCSP.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, de conformidade co artigo 215.2.b) da LCSP. Así mesmo, deberá presentar unha declaración responsable do subcontratista, outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme o artigo 71 da LCSP.

A Administración poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, o contratista remitirá á Administración, cando esta llo solicite, unha relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, achegará, por solicitude da Administración, un xustificante do cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación.

En caso de subcontratación total ou parcial do servizo contratado, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o servizo prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán, así mesmo, de aplicación os requisitos establecidos na normativa en materia de protección de datos.

Os subcontratos que no se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte (20) días dende que se cursara a notificación á Administración e achegaran as xustificacións de aptitude do subcontratista para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos dos que dispón e a súa experiencia. No caso que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquél.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente. A infracción das condicións establecidas nos parágrafos anteriores para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación de la aptitude del subcontratista o das circunstancias determinantes da situación de emerxencia o das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, a imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.





Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, de acordo estritamente ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 da LCSP, así como da obrigación a que fai referencia o último parágrafo do apartado 1 do artigo 202 da LCSP referida ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións efectuadas polos licitadores e adxudicatarios, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

20. MODIFICACIÓN DO CONTRATO [De ser o caso, en defecto dos específicos que se poidan fixar no CCC]

20.1 Modificación do contrato

No caso de que se trate de contratos privados con procedemento de contratación harmonizada, de conformidade co artigo 26 da LCSP, para os efectos do establecido no artigo 190 da LCSP o órgano de contratación ten a prerrogativa de modificar, por razóns de interese público, o contrato con suxeición ao estipulado no artigo 203 da LCSP, nos casos e na forma establecidos na subsección 4.ª, sección 3.ª, capítulo I, título I do libro segundo da LCSP, e de acordo co procedemento de exercicio da potestade de modificación do contrato regulado no artigo 191 coas particularidades previstas no artigo 207.

O contrato só poderá modificarse cando así estivese previsto nos pregos nos termos establecidos no artigo 204 da LCSP ou excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205:

a) Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

O contrato só poderá modificarse sempre que se xustifique suficientemente a concorrência dalgunha das circunstancias dispostas no artigo 205 da LCSP, de acordo co procedemento de modificación do contrato regulado no artigo 191 coas particularidades previstas no artigo 207.

b) Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP establécense os seguintes supostos de modificación:

b.1) Sen prexuízo do indicado respecto da aplicación do artigo 26.2 da LCSP para a contratación harmonizada, o contrato poderá modificarse co obxectivo de darlles cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Estas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.





Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte as partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o que deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

1.- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigacións

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigacións serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20 % do prezo inicial do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, se é o caso, no cadro de características e o prego de prescricións técnicas.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

2.- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se estableceu unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, e deberá ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixido polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do dobre do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente permitidos para a duración do contrato.





b.2) A posibilidade de modificación do contrato naqueles outros supostos que para ese efecto se establezan no cadro de características que acompaña este prego e/ou no prego de prescricións técnicas, detallando as condicións nas que o órgano de contratación poderá facer uso desta potestade, o seu alcance e límites, así como a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo deste deberá reaxustarse á garantía definitiva, para os efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos deben de ser adoptados logo do informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

20.2. Suspensión dos traballos

Se a Administración acordase a suspensión dos traballos ou esta tivese lugar por aplicación do artigo 198.5 da LCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103 do RXLCAP.

21. EXTINCIÓN DO CONTRATO

21.1.- Cumprimento do contrato

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e á satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

O proxecto obxecto do contrato entregarse, se é o caso, no rexistro auxiliar de Portos de Galicia.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, e dispoñerá para tal fin das prerrogativas establecidas no artigo 311 da LCSP.

21.2.- Recepción e liquidación

A recepción realizarase de conformidade co disposto no artigo 210 da LCSP e nos artigos 203 e 204 do RXLCAP.

21.3.- Devolución e cancelación das garantías definitivas

Estarase ao disposto nos artigos 111 da LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP.

22. Resolución do contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 211 e 313 da LCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este e cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 do LCSP e 109 a 113 do RXLCAP.





Serán causa de resolución do contrato, o incumprimento do asegurador de aplicar condicións máis favorables, no caso de que, conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contrato de Seguro, durante o curso do contrato o tomador do seguro ou o asegurado poñan en coñecemento do asegurador todas as circunstancias que diminúan o risco e sexan de tal natureza que se fosen coñecidas por este no momento da perfección do contrato, concluído en condicións máis favorables.

Así mesmo, será causa especial de resolución no presente contrato, o incumprimento grave do mesmo por parte do asegurador e particularmente a demora no cumprimento si esta supón que non se poida alcanzar a finalidade do contrato.

Cando o contrato resolvécese por incumprimento culpable do asegurador, este deberá indemnizar a EPE Portos de Galicia dos danos e prexuízos ocasionados, que se fará efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía, sen prexuízo da subsistencia, da responsabilidade polo importe que exceda da garantía incautada.

IV. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, XURISDICIÓN E RECURSOS

23. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e demais normativa de aplicación.

O procedemento de exercicio das prerrogativas realizarase de conformidade co disposto no artigo 191 da LCSP.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe xurídico dos órganos competentes, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

Igualmente, o órgano de contratación ten as facultades de inspección das actividades desenvoltas polas persoas contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP. En ningún caso as ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais espazos nos que a persoa contratista desenvolva as súas actividades, salvo que tales espazos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato.

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o responsable do contrato.

24. Xurisdición competente e recursos

A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato será competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa así como as impugnacións das modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP. Tamén coñecerá a dita orde xurisdiccional contencioso-administrativa





dos recursos interpostos contra as resolucións que diten os órganos de resolución de recursos previstos no artigo 44 da LCSP.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que se susciten entre as partes en relación cos efectos e extinción do contrato. Estas cuestións litixiosas resolveranse perante os órganos xurisdiccionais da Comunidade Autónoma de Galicia polo que os contratistas renuncian ao seu propio foro se fose distinto do anterior

24.1. Contratos cuxo valor estimado sexa inferior ou igual a cen mil euros

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

24.2. Contratos cuxo valor estimado sexa superior a cen mil euros

Conforme ao establecido no artigo 44.2 da LCSP, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo as seguintes actuacións:

Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.

Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de persoas candidatas ou licitadoras, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP.

Os acordos de adxudicación

As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

O procedemento de recurso iniciárase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles, computados nas formas previstas no artigo 50 da LCSP.

Contra as actuacións susceptibles de ser impugnadas mediante o recurso especial non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

A interposición do recurso especial en materia de contratación terá carácter potestativo, será gratuíto para os recorrentes e a súa tramitación axustarase ao disposto nos artigos 44 a 59 da LCSP.

Contra a resolución do recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto no artigo 10, letras k) e l) do apartado 1 e no artigo 11, letra f) do seu apartado 1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





24.3. Contratos suxeitos a regulación harmonizada conforme ao artigo 22 da LCSP

A lexitimación para interpoñer o recurso especial, a iniciación do procedemento, o prazo, a forma e o lugar de interposición e a solicitude de medidas cautelares recóllense nos artigos 48,49,50 e 51 da LCSP.

O coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación que se interpoñan, en relación co procedemento, están encomendadas ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola disposición final segunda da Lei 1/2015 do 1 de abril de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, e adscrito á Consellería de Facenda.

O escrito de interposición do recurso especial poderase presentar por vía electrónica a través do seguinte enderezo: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos dos contemplados no apartado 2 do artigo 44 da LCSP poderán ser postos de manifesto polos interesados ao órgano ao que corresponda a instrución do expediente ou ao órgano de contratación, para os efectos da súa corrección conforme a dereito, e sen prexuízo de que as irregularidades que lles afecten poidan ser alegadas polos interesados ao recorrer o acto de adxudicación.

As cuestións relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato ou contratos administrativos, derivados do presente procedemento, nos casos en que non proceda a interposición do recurso especial, poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

25. Confidencialidade e protección de datos

25.1 Confidencialidade

A persoa contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle atribúa o referido carácter, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Non poderá transferir ningunha información sobre os traballos a terceiras persoas ou entidades sen o consentimento expreso e por escrito da Xunta de Galicia, e será necesario que coa formalización do contrato se anexe a este o documento de acordo de confidencialidade recollido no anexo correspondente do prego.

25.2. Protección de datos

A persoa contratista, deberá cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos- RXPd) e demais normativa de aplicación en vigor en materia de protección de datos.

Para iso, e en aplicación da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, a persoa contratista terá a consideración de encargado do tratamento no caso en que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante. Neste suposto, o acceso a eses datos non se considerará comunicación de datos, cando se cumpra o previsto no artigo 28 do RXPd. En todo caso, as previsións deste deberán de constar por escrito.





A. Tratamento de datos persoais

Para o cumprimento do obxecto deste prego, a persoa adxudicataria, en tanto encargado do tratamento, deberá tratar os datos persoais dos cales a entidade contratante é responsable da maneira que se especifica neste prego, que describe en detalle os datos persoais que se deben protexer, o tratamento que se vai realizar e as medidas que se van implantar.

No caso de que, como consecuencia da execución do contrato, resultase necesaria a modificación do estipulado en canto ao tratamento de datos persoais, a persoa adxudicataria requirirao razoadamente e sinalará os cambios que solicita. No caso de que a entidade contratante estivese de acordo co solicitado emitiría un anexo actualizado, de modo que este sempre recolla fielmente o detalle do tratamento.

Por tanto, sobre a entidade contratante recaen as responsabilidades, establecidas na normativa de aplicación, do responsable do tratamento mentres que a persoa adxudicataria posúe as establecidas para o encargado do tratamento. Con todo, se este último destinase os datos a outra finalidade, os comunicase ou os utilizase incumprindo as estipulacións do presente prego e/ou a normativa vixente, será considerado tamén como responsable do tratamento, e responderá neste caso das infraccións en que incorrese persoalmente.

B. Estipulacións como encargado de tratamento

De conformidade co previsto no artigo 28 do RXPd, a persoa adxudicataria obrígase a e garantir o cumprimento das seguintes obrigacións:

a) Tratar os datos persoais conforme ás instrucións documentadas no presente prego ou demais documentos contractuais aplicables á execución do contrato, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou nacional que se aplique ao encargado; en tal caso, o encargado informará o responsable desa esixencia legal previa ao tratamento, salvo que tal dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

b) Non utilizar nin aplicar os datos persoais cunha finalidade distinta á execución do obxecto do presente contrato.

c) Tratar os datos persoais de conformidade cos criterios de seguridade e o contido previsto no artigo 32 do RXPd, así como observar e adoptar as medidas técnicas e organizativas de seguridade necesarias ou convenientes para asegurar a confidencialidade, secreto e integridade dos datos persoais aos que teña acceso.

En particular, e sen carácter limitativo, obrígase a aplicar as medidas de protección do nivel de risco e seguridade que imponha o tratamento, carácter dos datos e os riscos apreciados.

d) Manter a máis absoluta confidencialidade sobre os datos persoais aos que teña acceso para a execución do contrato, así como sobre os que resulten do seu tratamento, calquera que sexa o soporte no que se obtiveron. Esta obrigación esténdese a toda persoa que puidese intervir en calquera fase do tratamento por conta do adxudicatario, e será deber do adxudicatario instruír ás persoas que del dependan, deste deber de segredo, e do mantemento do dito deber aínda despois da terminación da prestación do servizo ou da súa desvinculación.





e) Levar unha listaxe de persoas autorizadas para tratar os datos persoais obxecto deste prego e garantir que estas se comprometen, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade, e a cumprir coas medidas de seguridade correspondentes, das que os debe informar convenientemente. E manter ao dispor do órgano de contratación a dita documentación acreditativa.

f) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas ao seu tratamento.

g) Salvo que conte en cada caso coa autorización expresa do responsable do tratamento, non comunicar, ceder nin difundir os datos persoais a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

h) Nomear delegado de protección de datos, no caso de que sexa necesario segundo o RXPd, e comunicalo ao órgano de contratación, tamén cando a designación sexa voluntaria, así como a identidade e datos de contacto da(s) persoa(s) física(s) designada(s) pola persoa adxudicataria como os seus representante(s) para os efectos de protección dos datos persoais (representantes do encargado de tratamento), responsable(s) do cumprimento da regulación do tratamento de datos persoais, nas vertentes legais/formais e nas de seguridade.

i) Unha vez finalizada a prestación contractual obxecto do presente prego, comprométese, segundo corresponda e se instrúa, a devolver ou destruír (i) os datos persoais aos que tivese acceso; (ii) os datos persoais xerados polo adxudicatario por causa do tratamento; e (iii) os soportes e documentos en que calquera destes datos consten, sen conservar ningunha copia; salvo que se permita ou requira por lei ou por norma de dereito comunitario a súa conservación, nese caso non procederá a destrución. O encargado do tratamento poderá, con todo, conservar os datos durante o tempo que poidan derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento. Neste último caso, os datos persoais conservaranse bloqueados e polo tempo mínimo, destruíndose de forma segura e definitiva ao final do devandito prazo.

j) Segundo corresponda e se indique, a levar a cabo o tratamento dos datos persoais nos sistemas/dispositivos de tratamento, manuais e automatizados, e nas localizacións que no citado anexo se especifican, equipamento que poderá estar baixo o control do órgano de contratación ou baixo o control directo ou indirecto da persoa adxudicataria, ou outros que fosen expresamente autorizados por escrito por este, segundo se estableza no devandito anexo se é o caso, e unicamente polos usuarios ou perfís de usuarios asignados á execución do obxecto deste prego.

k) Salvo que se indique outra cousa en tratamento de datos persoais ou se instrúa así expresamente polo órgano de contratación, a tratar os datos persoais dentro do espazo Económico Europeo ou outro espazo considerado pola normativa aplicable como de seguridade equivalente, non tratándoos fóra deste espazo nin directamente nin a través de calquera subcontratista autorizado conforme ao establecido neste prego ou demais documentos contractuais, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou do Estado membro que lle resulte de aplicación.

No caso de que por causa de Dereito nacional ou da Unión Europea o adxudicatario se vexa obrigado a levar a cabo algunha transferencia internacional de datos, o adxudicatario informará por escrito o órgano de contratación desa esixencia legal, con antelación suficiente a efectuar o tratamento, e garantirá o cumprimento de calquera requisitos legais





que sexan aplicables a este, salvo que o dereito aplicable o prohiba por razóns importantes de interese público.

l) De conformidade co artigo 33 do RXP, comunicarlle ao órgano de contratación, de forma inmediata e como moi tarde no prazo de 72 horas, calquera violación da seguridade dos datos persoais ao seu cargo da que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia ou calquera fallo no seu sistema de tratamento e xestión da información que tivese ou poida ter que poña en perigo a seguridade dos datos persoais, a súa integridade ou a súa dispoñibilidade, así como calquera posible vulneración da confidencialidade como consecuencia da posta en coñecemento de terceiros dos datos e informacións obtidos durante a execución do contrato. Comunicará con dilixencia información detallada respecto diso, incluso concretando que interesados sufriron unha perda de confidencialidade.

m) Cando unha persoa exerza un dereito de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ou outros recoñecidos pola normativa aplicable (conxuntamente, os “dereitos”), ante o encargado do tratamento, este debe comunicarllo ao órgano de contratación coa maior prontitude. A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción do exercicio de dereito, xuntamente, se é o caso, coa documentación e outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude que conste no seu poder, e incluírá a identificación fidedigna de quen exerce o dereito.

A persoa adxudicataria asistirá o órgano de contratación, sempre que sexa posible, para que esta poida cumprir e dar resposta aos exercicios de dereitos.

n) Colaborar co órgano de contratación no cumprimento das súas obrigacións en materia de (i) medidas de seguridade, (ii) comunicación e/ou notificación de brechas (logradas e tentadas) de medidas de seguridade ás autoridades competentes ou os interesados, e (iii) colaborar na realización de avaliacións de impacto relativas á protección de datos persoais e consultas previas respecto diso ás autoridades competentes; tendo en conta a natureza do tratamento e a información da que dispoña.

Así mesmo, poñerá ao seu dispor, a requirimento deste, toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións previstas neste prego e demais documentos contractuais e colaborará na realización de auditoras e inspeccións levadas a cabo, se é o caso, pola Xunta de Galicia.

ñ) Nos casos en que a normativa así o esixa, levar, por escrito, mesmo en formato electrónico, e de conformidade co previsto no artigo 30.2 do RXP un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do órgano de contratación, responsable do tratamento, que conteña, polo menos, as circunstancias a que se refire o devandito artigo.

o) Dispoñer de evidencias que demostren o cumprimento da normativa de protección de datos persoais e do deber de responsabilidade activa, como certificados previos sobre o grao de cumprimento ou resultados de auditorías, que haberá de poñer ao dispor do órgano de contratación ao seu requirimento. Así mesmo, durante a vixencia do contrato, poñerá á disposición toda información, certificacións e auditorías realizadas en cada momento.





p) Dereito de información: O encargado do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable antes do inicio da recollida dos datos.

A presente cláusula e as obrigacións nela establecidas, así como o anexo relativo ao tratamento de datos persoais constitúen o contrato de encarga de tratamento entre o órgano de contratación e a persoa adxudicataria a que fai referencia o artigo 28.3 do RXP. As obrigacións e prestacións que aquí se conteñen non son retribuíbles de forma distinta do previsto no presente prego e demais documentos contractuais e terán a mesma duración que a prestación obxecto deste contrato, e prorrogarase se é o caso por períodos iguais a este. Con todo, á finalización do contrato, o deber de secreto continuará vixente, sen límite de tempo, para todas as persoas involucradas na execución do contrato.

C. Subencargos de tratamento asociados a subcontratacións

Cando se produza unha subcontratación con terceiros da execución do contrato e o subcontratista deba acceder a datos persoais, a persoa adxudicataria poñerá en coñecemento previo do órgano de contratación, identificando que tratamento de datos persoais supón, para que este decida, se é o caso, se outorgar ou non a súa autorización á dita subcontratación.

En todo caso, para a súa autorización é requisito que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o tratamento de datos persoais por parte do subcontratista se axuste á legalidade vixente, ao contemplado neste prego e ás instrucións do órgano de contratación.
- Que a persoa adxudicataria e a empresa subcontratista formalicen un contrato de encarga de tratamento de datos en termos non menos restritivos aos previstos no presente prego, o cal será posto á disposición do órgano de contratación.

A persoa adxudicataria informará o órgano de contratación de calquera cambio previsto na incorporación ou substitución doutros subcontratistas, dando así a oportunidade de outorgar o consentimento previsto nesta cláusula. A non resposta á devandita solicitude equivale a opoñerse aos devanditos cambios.

D. Información sobre tratamento de datos persoais contidos neste contrato e os necesarios para a súa tramitación

Os datos de carácter persoal contidos neste contrato e os necesarios para a súa xestión serán tratados polo órgano de contratación coa finalidade de levar a cabo a súa xestión orzamentaria e económica, sendo o responsable do tratamento o que así estea designado formalmente no ámbito da entidade.

A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha obriga legal dun fin de interese público e o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais que regule os gastos públicos.

Non se prevé a comunicación de datos de carácter persoal a terceiros, salvo as impostas polo ordenamento xurídico. Os datos conservaranse polo tempo que esixa a normativa sobre contratación pública, facenda pública e arquivo con fins de interese público.





Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercer ante o órgano de contratación.

Pode exercer estes dereitos mediante unha solicitude dirixida ao responsable do tratamento, preferentemente a través do formulario para o exercicio destes dereitos dispoñible en www.xunta.gal. Ademais, pode solicitar o exercicio dos seus dereitos solicitándoo por calquera dos medios para presentación de solicitudes e en calquera dos rexistros conformes coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

53. ANEXOS AO PRESENTE PREGO

Anexo I.	Orientacións para cubrir o DEUC
Anexo II.	Declaración complementaria ao DEUC
Anexo III	Modelo de declaración de criterios de desempate
Anexo IV	Modelo de relación priorizada de lotes para os que se formula oferta [de ser o caso]
Anexo V	Declaración de compromiso de constitución en Unión Temporal [de ser o caso]
Anexo VI	Modelo de proposición económica





ANEXO I: ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECSP) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXC-Galicia) co alcance previsto no artigo 339 da LCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizalo acceso correspondente (endereço da internet, tódolos datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECSP ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribíbles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo - de licitadores que corresponda [ROLECSP ou RXC-Galicia].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que tódolos datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.





Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do Rolece ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?	Si () Non () Non procede ()





En caso afirmativo: -Rexistro en que está inscrito e número de inscrición Certificación en formato electrónico Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista Coa clasificación cúmprense tódolos criterios de selección? En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A, B, C ou D, segundo proceda. Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder	() Rolecesp () Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia () Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS Si () Non ()
--	--





adxudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?	Si () Non () Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación
Dispoñible en formato electrónico	() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
Forma de participación.	
Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si () Non ()
En caso afirmativo b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.	Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS de la empresa. No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar: () ROLECSP: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia

Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
Representación	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS





Nome e apelidos:	
Cargo:	
Enderezo postal:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...)	

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modificou a regulación desta materia no TRLCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 60 e 61 e creando «ex novo» o artigo 61 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non tódalas prohibicións para contratar están inscritas no ROLECSP e/ou RXCG, as empresas deberán responder a tódalas preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.





Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, nº de sección	DN	TRLCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social)
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao





		incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).





Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se e afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, é dicir,





se os operadores económicos compren ou non tódolos criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no punto titulado “Indicación global relativa a tódolos criterios de selección” e queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

1. Idoneidade
2. Solvencia económica e financeira
3. Capacidade técnica e profesional
4. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, esta non conste de maneira actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do ROLECSP e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

Parte IV. Criterios de selección

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECSP?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento?	Non está no ROLECSP, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no ROLECSP, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no ROLECSP, cando conforme a lexislación nacional, se requira unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no ROLECSP.





O seu volume de negocios anual (medio), durante o número de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no ROLECSP, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscrites, indicados na pregunta anterior)
Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no ROLECSP.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no ROLECSP, pero tódalas ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscrites).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no* ROLECSP.

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.





ANEXO II: MODELO DE DOCUMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA AO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)

Datos da persoa que formula a declaración:

Nome _____: Apelidos: _____ NIF: _____

Enderezo electrónico: _____ Fax: _____ Teléfono móbil: _____

Enderezo postal: _____

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil ou persoa á que representa: _____

NIF: _____ Cargo: _____

A) Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador

- Identidade do contratante:
- Procedemento de contratación:
- Tipo de contrato:
- Título do contrato:
- Clave do expediente:

B) Información sobre o licitador

a) Identificación

- Nome da empresa persoa xurídica ou nome e apelidos do empresario persoa física: _____

- NIF da empresa persoa xurídica ou DNI/NIF do empresario persoa física: _____

b) Información xeral exclusivamente con fins estatísticos da empresa licitadora (indique o que proceda)

- ☐ b.1.- É microempresa (conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 2 millóns euros).
- ☐ b.2.- É pequena empresa (conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 10 millóns euros)
- ☐ b.3.- É mediana empresa (non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns euros ou cuxo balance total anual non excede de 43 millóns euros)

c) Representante do licitador, se é o caso

- Nome e apelidos do representante: _____

-Disponibilidade de sinatura dixital (márquese se fose o caso): _____





Así mesmo, declárase responsablemente que a persoa representante que asina a proposición ten poder bastante para a representación do licitador para os efectos do procedemento de contratación.

d) Datos para a práctica de notificacións

- Sistema de notificación electrónica de Galicia <https://notifica.xunta.gal> (se fose o caso, xeraranse automaticamente avisos da posta ao dispor da notificación ao enderezo electrónico e/ou teléfono móbil indicados): enderezo electrónico: _____ Teléfono móbil: _____

- Enderezo de correo electrónico: _____

- Fax: _____

- Enderezo postal: _____

Así mesmo, exprésase o compromiso de aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen por calquera dos medios indicados.

e) Indicación de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (se é o caso)

- Nome/s do/os rexistro/s: _____

- Número de inscrición ou código de identificación: _____

Así mesmo, declárase baixo responsabilidade que as circunstancias de aptitude para contratar inscritas en devandito/s rexistro/s son exactas e non experimentaron variación a data da sinatura desta declaración.

f) Forma de participación (indique o que proceda)

Respecto da causa de incompatibilidade de participación na licitación, nos termos regulados no artigo 70.2 da LCSP e segundo o disposto no cadro de características do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares, declaro baixo responsabilidade: ☐ Non afecta ☐ Si afecta

☐ f.1.- Individual:

☐ f.2.- Conxunta con outro ou outros en unión de empresarios (UTE):

Xúntase ao procedemento nun único exemplar asinado polos integrantes da UTE o documento esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares onde constan os nomes e circunstancias dos que subscriben a UTE, a participación en porcentaxe de cada un deles e maniféstase nel que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, no caso de resultar adxudicatarios do contrato. No devandito escrito désígnase a persoa que durante a vixencia do contrato posuira a representación ou apoderamento único de todos eles fronte ao poder adxudicador.

Neste suposto indícase, ademais, do representante designado o nome e apelidos, NIF, correo electrónico, fax, teléfono móbil e enderezo postal:





C) Prohibición de contratar

Formúlase unha declaración responsable de que a persoa que actúa en nome propio ou, se é o caso, a compañía á que representa e os seus administradores ou representantes, non están incursas en prohibición de contratar por si mesmas conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), nin por extensión como consecuencia da aplicación do apartado 3 do devandito precepto legal.

En particular, o empresario persoa física ou, se é o caso, a empresa persoa xurídica atópase ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, ao día no cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e en calquera das situacións previstas na normativa en relación co imposto sobre actividades económicas nos termos establecidos nas disposicións vixentes.

Así mesmo, de que non incorre en ningunha das causas ás que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nestas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

D) Personalidade e solvencia

a) Personalidade

Declárase baixo responsabilidade de que se conta para este procedemento con personalidade xurídica, posuíndo a plena capacidade xurídica e de obrar necesarias para contratar, e de que conforme ao seu obxecto social, se fose o caso, pode presentarse á licitación e atópase legalmente habilitado para realizar as prestacións que constitúen o obxecto do contrato por dispoñer, se procede, das correspondentes autorizacións ou habilitacións empresariais ou profesionais esixibles ou necesarias para actuar no seu sector de actividade pola normativa de aplicación.

b) Solvencia

Declárase responsablemente de que posúe, segundo corresponde en relación co contrato obxecto de licitación, a solvencia mediante o cumprimento das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional esixidas para contratar de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e no seu cadro de características do contrato.

Indicar de tratarse dunha empresa que estea en calquera destes supostos (márquese se fose o caso):

- ☐ Empresa de nova creación (antigüidade inferior a 5 anos):
- ☐ - Empresa non española de Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:





c) Integración da solvencia con medios externos, se é o caso

- ☐ Declárase baixo responsabilidade que o licitador se basea na solvencia doutras entidades para acreditar a solvencia a que se refire a letra b) anterior deste apartado D) do presente anexo e consígnase a información específica no DEUC correspondente ás devanditas entidades (márquese se procede).

E) Outros aspectos

a) Existencia ou non de pertenza ao mesmo grupo de empresas que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación e/ou de sociedades tamén licitadoras integradas por socios nas que concorran algúns dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio para os efectos de aplicación do réxime de identificación de proposicións económicas anormalmente baixas

Declárase baixo responsabilidade que, visto o disposto nos artigos 149.3 da LCSP e 86 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en relación co artigo 42.1 do Código de Comercio e demais normativa de aplicación, a empresa licitadora, ben individualmente ou en unión temporal de empresas, á que represento (consignar o que proceda):

- ☐ NON pertence ao mesmo grupo de empresas que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación con algunha sociedade tamén licitadora no procedemento de adxudicación.
- ☐ SI pertence ao mesmo grupo de empresas que outra/s empresa/s licitadora/s no procedemento de adxudicación e/ou si está integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación cunha/s sociedade/s tamén licitadora/s no procedemento de adxudicación.

De atoparse neste caso, a entidade á que represento, de acordo co disposto no artigo 86 do RXLCAP en relación co artigo 149.3 da LCSP, comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar canta información lle sexa solicitada.

Inclúese a continuación a denominación social da/s empresa/s na/s que concorre/n esta circunstancia (se a relación de empresas é moi extensa achegarase en documento anexo):

b) Para o caso de empate

Declárase baixo responsabilidade para os efectos da aplicación, se é o caso, dos criterios de adxudicación específicos para o desempate o compromiso de achegar documentación de desempate, logo do requirimento correspondente, da/s circunstancia/s indicada/s no cadro de características do contrato e o prego de cláusulas administrativas.

c) Compromiso de adscrición de medios á execución do contrato (no suposto do seu establecemento na licitación)





- ☐ Declárase baixo responsabilidade o compromiso de adscrición, se procede, á execución do contrato á conta do licitador dos medios especificados coas súas condicións no cadro de características do contrato, no caso de que resultase ser o licitador coa mellor oferta, asumindo o establecido para estes efectos no devandito cadro como contido propio e integrado no presente compromiso de dispoñibilidade efectiva durante a vixencia do contrato dos devanditos medios, sen indicación neste momento dos datos concretos destes (indíquese só se procede segundo corresponda co contrato licitado).

d) Código ético institucional da Xunta de Galicia

Declárase que se ten coñecemento expreso do contido e alcance do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014 e publicado por resolución do 8 de setembro de 2014 no *Diario Oficial de Galicia* n.º 179, do 19 de setembro de 2014.

e) Declaración de información confidencial

Declárase, ao amparo do disposto no artigo 133.1 da LCSP e no prego de cláusulas administrativas particulares, en relación coa información contida na documentación presentada:

- ☐ Non designar información confidencial
☐ Si designar información confidencial

f) Oposición expresa á consulta de datos (márquese se fose o caso)

Manifesto expresamente, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento de contratación sexan consultados directamente pola administración contratante e, por tanto, comprométome a achegar a documentación requirida no trámite que corresponda:

- ☐ SI MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN
☐ NON MANIFESTO A MIÑA OPOSICIÓN

g) Comprobación de datos

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. En caso de que as persoas licitadoras se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e presentar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME A CONSULTA
• Consulta datos de identidade de persoas físicas	☐
• DNI/NIE da persoa representante	☐
• Validación de NIF de persoas xurídicas	☐





• Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social	☐
• Alta na Seguridade Social a data concreta	☐
• Estar ao corrente de pago de deberes tributarios para a contratación coas Administracións Públicas	☐
• Imposto de actividades económicas (IAE)	☐
• Consulta de datos sobre Imposto de Actividades Económicas de Galicia	☐

h) Sometemento ao foro español (só para empresarios estranxeiros)

Declárase o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador: ☐

F) Declaracións finais

O abaixo asinante declara responsablemente que a información comunicada neste anexo é certa, exacta e veraz e facilítase con pleno coñecemento das consecuencias dunha falsa declaración, poderá achegar os certificados e outros tipos de probas documentais contemplados no debido prazo, cando se lles soliciten, excepto o poder adxudicador poida obter os documentos xustificativos de que se trate directamente, accedendo ao Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou a través do acceso e consulta autorizada a bases de datos, así como que cumpre os requisitos ou criterios de aptitude ou selección establecidos legalmente para contratar, dispoñendo da documentación para a súa verificación, e comprométese a respectar a confidencialidade e o deber de secreto nos termos expresados no prego administrativo respecto dos datos aos que poida ter acceso para formalizar a súa oferta.

_____, de _____ de _____ (Lugar e data)
Sinatura do licitador:





ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN DE CRITERIOS DE DESEMPATE

[Aplicarase en defecto do establecido no Cadro de Características do Contrato]

Don/dona _____, con domicilio social na provincia de _____, rúa _____ n.º _____, e DNI n.º _____, visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación administrativa, emite a seguinte
DECLARACIÓN

A entidade mercantil _____, para os efectos previstos na disposición adicional cuarta do texto refundido da lei de contratos do sector público, declara que no momento de finalización do prazo para presentación de ofertas:

1.-Dispón de traballadores con discapacidade:

- ☐ Si (indicar número e a porcentaxe)
- ☐ Non (se está incluído nos supostos de exercicio do Real decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade, indíquese)

2.- Implantou un plan de igualdade nos termos do artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016):

- ☐ Sí
- ☐ Non

3.-Dispón da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, nos termos do artigo 75 c) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016):

- ☐ Sí
- ☐ Non

4.-Adoptou medidas de conciliación previstas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

- ☐ Sí
- ☐ Non

Medidas adoptadas:

Se o empresario non cobre este anexo, a Mesa de Contratación interpretará que non se atopa en ningún dos supostos mencionados.

Lugar, data e sinatura





ANEXO IV: MODELO DE RELACIÓN PRIORIZADA DE LOTES PARA OS QUE SE FORMULA OFERTA (a presentar no sobre A, de ser o caso)

Don/dona con domicilio social en _____
_____ provincia de _____, rúa
_____ número _____ e DNI número _____ en
nome (propio), (ou da empresa que representa) _____ e CIF
_____, informado/a do anuncio publicado o día ____ de ____ de _____ e das
condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos de
_____ sinalo a seguinte relación priorizada para os efectos de
adxudicación dun único lote entre todos para os que, individual ou conxuntamente con
outras empresas, formulo oferta:

ORDE DE PRIORIDADE DE ADXUDICACIÓN	DENOMINACIÓN DO LOTE

*Nota: cubrirase o cadro de priorización de lotes ata o número de orde igual ao número de lotes aos que se presente cada licitador.

Lugar, data e sinatura





**ANEXO V: DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL
(a presentar no sobre 1, de ser o caso)**

D.ª./D. _____, maior de idade e con NIF núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____ con domicilio social en _____ e NIF n.º _____, en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

D.ª./D. _____, maior de idade e con NIF núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con domicilio social en _____ e NIF n.º _____ en calidade de (1), baixo a súa persoal responsabilidade.

Comprométense a constituír unha unión temporal de empresas, de conformidade co establecido na Lei de contratos do sector público, para os efectos de participar na licitación para a contratación do expediente (indicar expediente).

No caso de resultar adxudicatarias comprométense a formalizar en escritura pública a citada unión. A participación na unión temporal de cada membro é a que segue:

_____ XX %.
_____ XX %.

Como persoa representante da citada unión noméase a _____ (2)

(Lugar, data, sinatura)
(SINATURA DE CADA MEMBRO DA UTE).

1. Apoderado/a, administrador/a único/a, administrador/a solidario/a, administrador/a mancomunado/a etc.
2. Indicar cargo e empresa.





ANEXO VI MODELO DE ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE ELECTRÓNICO B
(non procede)

Don/dona en nome propio ou en representación
da empresa, con enderezo para os efectos de notificacións na
provincia de....., rúa nº, e DNI nº, en relación co
procedemento convocado para a realización do contrato
....., visto o disposto nos criterios de
adxudicación do contrato, declaro que o sobre B recolle os seguintes documentos
debidamente asinados:

(Lugar, data e sinatura)





ANEXO VII. PROPOSICIÓN ECONÓMICA (SOBRE C)

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: ____/____/____

D., con D.N.I. nº....., maior de idade, con domicilio en....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados pola Entidade Pública Portos de Galicia para a contratación do “PÓLIZAS DE SEGUROS A FROTA DE VEHÍCULOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA” , e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome.....(propio ou das persoa/s ou entidade/s que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato nas condicións recollidas nos Pregos de condicións que indican polo seguinte importe:

Prezo total (IVE exento) : _____ euros (en letra)

lugar, data e sinatura do licitador.

Indicacións para a súa cumprimentación

Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do imposto sobre o valor engadido que deba ser repercutido, se procede.

Na proposición económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a persoa adxudicataria, como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego.

Cada persoa licitadora soamente poderá presentar unha proposición económica, non sendo admitidas aquelas cuxo importe sexa superior ao orzamento de licitación.

En caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración estime fundamental para a oferta.

